

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE
LINGUA GALEGA E LITERATURA

CURSO ACADÉMICO 2022/23

Profesorado do departamento
Marta Castro Alba Moncho Iglesias Míguez M ^a Luísa Rigueira Rodríguez M ^a Pilar López Martínez
Materias que imparten
Lingua galega e literatura Obradoiro de análise e comentario de textos

ÍNDICE

1.-Introdución e contextualización.....	4
2.-Competencias clave.....	6
3.-Obxectivos xerais.....	8

4.-Programacións específicas:

LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º ESO	10
Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e temporalización	10
Metodoloxía. Estratexias e materiais e recursos didácticos	33
Procedementos e instrumentos de avaliación	35
Criterios de avaliación	35
Criterios de cualificación e promoción	38
Procedemento de recuperación	39
Organización das materias pendentes	40
Avaliación inicial e medidas a adoptar	40
Medidas de atención á diversidade e ACNEAE	40
	41
LINGUA GALEGA E LITERATURA 4º ESO	
Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e temporalización	41
Metodoloxía. Estratexias e materiais e recursos didácticos	68
Procedementos e instrumentos de avaliación	69
Criterios de avaliación	70
Criterios de cualificación e promoción	72
Procedemento de recuperación	74
Organización das materias pendentes	74
Avaliación inicial e medidas a adoptar	74
Medidas de atención á diversidade e ACNEAE	75
LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º BACHARELATO	76
Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e temporalización	76
Metodoloxía. Estratexias e materiais e recursos didácticos	93

Procedementos e instrumentos de avaliación	95
Criterios de avaliación	96
Criterios de cualificación e promoción	98
Procedemento de recuperación	98
Organización das materias pendentes	99
Avaliación inicial e medidas a adoptar	99
Medidas de atención á diversidade e ACNEAE	99
Elementos transversais	100
OBRADOIRO DE ANÁLISE E COMENTARIO DE TEXTOS 1º BACHARELATO	101
Obxectivos	101
Competencias clave	102
Contidos	102
Vinculación entre contidos, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e temporalización	103
Metodoloxía. Estratexias e materiais e recursos didácticos	105
Procedementos e instrumentos de avaliación	105
Criterios de avaliación	106
Criterios de cualificación e promoción	106
Procedemento de recuperación	106
Organización das materias pendentes	107
Avaliación inicial e medidas a adoptar	107
Elementos transversais	107

5.-Contribución ao proxecto lector.....	109
6.-Contribución ao plan TIC.....	109
7.-Contribución ao plan de convivencia.....	110
8.-Actividades complementarias e extraescolares.....	110
9.-Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	111
10.-Mecanismos de revisión e avaliación da programación didáctica.....	112
11.-Anexo 1 Propostas de mellora e TIL.....	113

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

a) Introducción.

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

O tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade. As materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase, en todos os cursos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, estruturada en cinco bloques, o que non debe implicar que a actividade docente se corresponda con esta ordenación, senón que, pola contra, se deben producir múltiples conexións entre todos eles.

O bloque 1, "Comunicación oral. escoitar e falar" atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais.

O bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir" ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser

quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

O bloque 3, "Funcionamento da lingua" integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

O bloque 4, "Lingua e sociedade" céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

O bloque 5, "Educación literaria" asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

b) Contextualización.

O IES Martaguisela atópase situado na vila de O Barco, centro neuráxico de Valdeorras, bisbarra que funda a súa economía na explotación da lousa, no sector servizos e na agricultura da vide. Dentro da vila, o Centro sitúase no extremo occidental da parte nova, recentemente urbanizada, nunha zona onde se concentran case que a totalidade dos centros e organismos educativos con que conta a vila.

O alumnado do IES Martaguisela do Barco de Valdeorras procede maioritariamente do propio concello. Os alumnos/as que non proceden do Barco proveñen fundamentalmente dos concellos limítrofes de Rubiá e Vilamartín.

É salientable a presenza de bastantes inmigrantes, procedentes sobre todo de Portugal e de países sudamericanos e africanos. Cómpre sinalar, ademais, que a incorporación de inmigrantes á poboación da vila é relativamente recente.

Polo que respecta ao medio de transporte empregado polo alumnado para acudir ao centro, os alumnos/as que viven na vila veñen ao centro maioritariamente a pé, sendo considerable tamén o número de alumnos/as que veñen en autobús e moi escaso o daqueles que empregan outros medios como a moto ou o coche particular.

Polo contrario, os alumnos/as que residen fóra do Barco acoden ao centro maioritariamente en autobús e son moi poucos os que o fan a través doutros medios.

A base da economía familiar é o traballo do pai, aínda que o número de mulleres que traballan fóra do fogar é relativamente alto.

Entre os traballos dos pais, o sector que domina é o da lousa, mentres que as nais que traballan fóra do fogar dedícanse maioritariamente ao servizo doméstico e de limpeza e en segundo lugar ao traballo da canteira. O resto dos pais e nais repártense entre as distintas profesións dun xeito máis ou menos equilibrado.

Polo que respecta ás actividades culturais, hai que sinalar que a súa oferta é considerable na vila do Barco. Destaca a temporada de outono e de primavera de teatro que se celebra na casa da cultura do Barco; tamén a proxección de películas do cineclub Groucho Marx, que organiza todos os anos unha semana de cine; así como as diferentes conferencias que organizan as distintas asociacións culturais do Barco. Ademais destas asociacións destacan as de veciños, xuvenís e de amas de casa que se encargan nalgúns casos de impartir cursos sobre diferentes materias.

Os problemas xuvenís que podemos destacar son casos esporádicos de drogodependencias.

2. COMPETENCIAS CLAVE

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Dado que a aprendizaxe baseada en competencias se caracteriza pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral, o proceso de ensino e aprendizaxe por competencias debe tratarse dende todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais. O seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Ademais, esta aprendizaxe implica unha formación integral das persoas que, ao rematar a etapa académica, serán capaces de transferir os coñecementos adquiridos ás novas instancias que aparezan na opción de vida que elixan. Así, poderán reorganizar o seu pensamento e adquirir novos coñecementos, mellorar as súas actuacións e descubrir novas formas de acción e novas habilidades que lles permitan executar eficientemente as tarefas, favorecendo unha aprendizaxe ao longo de toda a vida.

1. Comunicación lingüística (CCL)

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia é preciso abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender as cinco compoñentes que a constitúen e as dimensións en que se concretan:

– A compoñente lingüística abrangue diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.

– A compoñente pragmático-discursiva contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as funcións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as funcións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

– A compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

– A compoñente estratéxica permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; ademais, tamén forman parte desta compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

– Por último, a competencia en comunicación lingüística inclúe unha compoñente persoal que intervéen na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

2. Competencia dixital (CD)

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación desta, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

3. Aprender a aprender (CAA)

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar,

de se autavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

4. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para actuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, autonómica, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Polo tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

5. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en acto, o que significa adquirir conciencia da situación a intervenir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns e cidadás emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

6. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén unha compoñente expresiva referida á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Polo tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, gozo e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

3. OBXECTIVOS XERAIS

Obxectivos ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Obxectivos bacharelato

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permiten:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomenta a

corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e a galega.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos.

Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

4. PROGRAMACIÓN ESPECÍFICAS

Lingua galega e literatura 2º ESO

Grupos: A, B e C

Profesorado: Marta Castro Alba e Moncho Iglesias Míguez

4.1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Elementos transversais	Criterios de cualificación
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar									
	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> 1.1.1. Comprender o sentido e a intención comunicativa de textos orais informativos dos medios de comunicación, adaptados ao seu nivel. 1.1.2. Ser capaz de realizar esquemas ou resumos de textos orais dos medios de 	<ul style="list-style-type: none"> TO 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> EOE 	<ul style="list-style-type: none"> Están explicados no punto 4.1.5.
				<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> 1.1.2. Ser capaz de realizar esquemas ou resumos de textos orais dos medios de 	<ul style="list-style-type: none"> TO 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> EOE CL CA 	<ul style="list-style-type: none">

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Elementos transversais	Criterios de cualificación
					comunicación.				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> 1.2.1. Poder extraer a idea principal e os feitos máis relevantes dun texto oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PO 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º, 2ª e 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.2.2. Seguir pautas para a realización das tarefas e planifica os recursos necesarios para realizalas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PO ▪ OU 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.3.1. escoitar con interese e respectar as opinións dos demais respectando a quenda de palabra e rexeitando a linguaxe discriminatoria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PO ▪ OU 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE ▪ EC ▪ IEMH 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.3.2. Expresarse oralmente con corrección e valorar a importancia da entoación, as pausas, o volume e a linguaxe 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PO ▪ OU 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Elementos transversais	Criterios de cualificación
					non verbal.				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.4.1. Ser capaz de distinguir as ideas principais e as secundarias de noticias, reportaxes e crónicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PE ▪ TO 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE ▪ CA ▪ CL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ser capaz de identificar o tratamento das noticias en medios diferentes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TO ▪ OU 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE ▪ EC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexecta usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.4.3. Distinguir mensaxes que conteñen prexuízos e aprende a evitalos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OU 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EC ▪ PV ▪ IEMH 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.5.1. Apreciar a importancia da pronuncia correcta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PO ▪ OU 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexecta os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.5.2. Analizar e rexectar prexuízos asociados á pronuncia galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TO 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Elementos transversais	Criterios de cualificación
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízala na súa práctica habitual. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 1.5.3. Valorar as variantes dialectais da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> TO OU 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> EOE 	<ul style="list-style-type: none">
<ul style="list-style-type: none"> h o 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	<ul style="list-style-type: none"> 1.6.1. Expressarse oralmente con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> TO OU 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> EOE 	<ul style="list-style-type: none">
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 1.6.2. Participa nos debates respectando a fonética galega. 	<ul style="list-style-type: none"> TO OU 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> EOE EC PV IEMH 	<ul style="list-style-type: none">
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 1.6.3. Coñecer algunha fraseoloxía do galego e utilízala correctamente. 	<ul style="list-style-type: none"> TO 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> EOE 	<ul style="list-style-type: none">
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 1.6.4. Esforzarse por mellorar e ampliar o seu léxico. 	<ul style="list-style-type: none"> TO 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> EOE 	<ul style="list-style-type: none">
<ul style="list-style-type: none"> b e g 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> 1.7.1. Manexar ferramentas dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> TO 	<ul style="list-style-type: none"> 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> EOE TIC 	<ul style="list-style-type: none">

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso									
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Elementos transversais	Crterios de cualificación
▪ h	produción de textos orais sobre temas de actualidade.	planificadas.	▪ LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.	▪ CD ▪ CCL ▪ CSC	▪ 1.7.2. Empregar as TIC para realizar traballos.	▪ TO ▪ OU	▪ 3ª	▪ EOE ▪ TIC	▪
▪ a ▪ c ▪ d ▪ h	▪ B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	▪ B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	▪ LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.	▪ CCL ▪ CSC	▪ 1.8.1. Participar en debates respectando a quenda de palabra e as opinións alleas.	▪ TO	▪ 1ª, 2ª e 3ª	▪ EOE ▪ EC ▪ PV ▪ IEMH	▪
			▪ LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	▪ CCL ▪ CSC	▪ 1.8.2. Participar en debates sen saírse do tema.	▪ TO	▪ 1ª, 2ª e 3ª	▪ EOE ▪ EC	▪
			▪ LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.	▪ CSC ▪ CAA	▪ 1.8.3. Expresar a súa opinión sobre as obras de lectura obrigatorias.	▪ PE ▪ TO	▪ 1ª, 2ª e 3ª	▪ CL ▪ EOE ▪ EC ▪ EA ▪ SCV	▪
▪ a ▪ b ▪ c ▪ g ▪ h	▪ B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e	▪ B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	▪ LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	▪ CAA	▪ 1.9.1. Elaborar un guión para expoñer oralmente un tema.	▪ TO ▪ C	▪ 2ª e 3ª	▪ EOE ▪ EC	▪
			▪ LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e	▪ CCL ▪ CSC	▪ 1.9.2. Esforzarse por expresarse correctamente en público.	▪ TO	▪ 2ª e 3ª	▪ EOE	▪

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Elementos transversais	Criterios de cualificación
o	informais.		dirixese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.	CSIEE					
			LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua.	CLL CSC	1.9.3. Esforzarse por incorporar palabras do nivel formal.	TO	1ª, 2ª e 3ª	EOE	
			LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.	CLL CAA	1.9.4. Pronunciar de xeito adecuado.	TO	1ª, 2ª e 3ª	EOE	
			LGB1.9.5. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	CAA CCL	1.9.5. Recoñecer erros nos discursos propios e os alleos.	TO	2ª e 3ª	EOE EMP	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.1.1. Ler con regularidade obras (unha por trimestre de xeito obrigatorio) e fragmentos literarios para desenvolver un criterio lector e aprender a reflexionar sobre a lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PE ▪ TO 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE ▪ CL ▪ IEMH ▪ PV ▪ SCV 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.1.2. Identificar os elementos propios de cada xénero literario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PE ▪ TO 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª e 2ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE ▪ CL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.2.1. Ler poemas e determinar o tema e a estrutura xeral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PE ▪ TO 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CL ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Elementos transversais	Criterios de cualificación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.3.1. Ler e interpretar textos narrativos describindo o punto de vista, o tempo, o espazo e os personaxes principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PE ▪ C 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE ▪ CL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.4.1. Ler de xeito dramatizado textos teatrais e recoñece as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PE ▪ C ▪ TO 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.5.1. Comparar textos dos diferentes xéneros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PE ▪ C ▪ TO 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª e 2ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE ▪ CL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.5.2. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Elementos transversais	Criterios de cualificación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.6.1. Analizar de xeito guiado os principais trazos dos subxéneros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PE ▪ TO ▪ C 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª e 2ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE ▪ CL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.7.1. Escribir textos literarios sinxelos utilizando os recursos retóricos estudados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PE ▪ C ▪ OU 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.8.1. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias filmicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.8.2. Identificar os principais trazos da linguaxe cinematográfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TO 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE ▪ CA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.9.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.9.1. Servirse das bibliotecas físicas e virtuais para a realización de traballos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TO ▪ C ▪ OU 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Elementos transversais	Criterios de cualificación
	axeitada destes.								

4.1.2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire un maior grao de protagonismo.

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe do alumnado noutras áreas.

Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmillorable para adestrar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumnado. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas ao alumnado.

ESTRATEGIAS E ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

A presentación dos temas con formulacións introdutorias para cada unidade, presentación dos contidos en apartados e subapartados diferenciados, actividades directas e focalizadas, actividades interdependentes, favorece a utilización de estratexias adecuadas en cada caso para que o alumnado sexa competente en comunicación lingüística segundo os obxectivos que consideran na etapa.

Entre as estratexias didácticas encóntranse a lectura; as explicacións sobre os contidos; as aplicacións prácticas dos saberes e as habilidades; a aplicación de técnicas de estudo; a análise e a reflexión sobre conceptos, textos ou ideas complexas; a investigación lingüística e literaria; a construción de ideas novas e xuízos críticos.

Para levalas a cabo, ofrécense actividades de diversos tipos que responden a diferentes enfoques, formas de aprendizaxe e niveis de complexidade, individuais ou de grupo, asociadas ou non a técnicas determinadas e en función dos campos traballados da lingua e a literatura: actividades de identificación, de relación, de clasificación, de organización, de estruturación, de síntese, de análise inductiva e deductiva, de lectura, de comentario, de escritura, de chuvia de ideas, de diálogo e debate, de reflexión, de contextualización, de busca de información, de investigación, etc.

MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN DA DIVERSIDADE

Os estudantes manifestan unha gran diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan un reforzo continuo e outros non; hainos que prefiren traballar sós e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

Tendo en conta esa diversidade expoñeremos a información de diferentes formas (textos explicativos, cadros-resumo, esquemas), utilizando os recursos que se ofrecen na rede e ofrecendo unha gran tipoloxía de actividades.

Ademais, propóñense as seguintes medidas para dar resposta á diversidade:

- Detectar as ideas previas mediante, por exemplo, diálogos na aula ou debates, que permitirán que o docente coñeza aos estudantes e eles, a si mesmos.
- Repasar as nocións estudadas con regularidade e resolver os problemas detectados.
- Realizar numerosas e diversas actividades que combinen as resolucións individuais e en pequeno e gran grupo, e a oralidade e o escrito.
- Utilizar recursos gráficos, dixitais, etc.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro do alumnado das editoriais do proxecto E-DIXGAL..
- Ordenador, canón e encerado dixital.
- Enlaces web a contidos de reforzo, ampliación, as ferramentas TIC... que complementen os contidos do libro.
- Textos complementarios para traballar o desenvolvemento da comprensión e expresión oral.
- Lecturas obrigatorias. Haberá un libro de lectura obrigatoria para cada unha das avaliacións cuxo título se fará constar no libro de actas.

Recursos fotocopiáveis relativos tanto a actividades como a contidos.

- Dicionarios tanto en formato impreso como en rede para poder solucionar dúbidas puntuais.

4.1.3. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedementos de avaliación.

- Realizaranse probas escritas e/ou orais.
- Teranse en conta as producións do alumnado: traballos individuais e colectivos, caderno de aula.
- Observación sistemática do alumnado.

Instrumentos de avaliación.

- As producións do alumnado: exames, traballos, caderno de aula. PE (proba escrita), PO (proba oral), C (caderno), OU (traballos e exposicións)
- TO: Caderno de aula do docente (coas súas observacións e anotacións).
- Cuestionario de autoavaliación despois de explicado cada tema.

4.1.4. CRITERIOS DE AVALIACION

Os criterios de avaliación para este curso son:

- B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.
- B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.
- B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.
- B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.
- B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.
- B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
- B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.
- B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis cultb, sobre temas da vida cotiá ou educativa.
- B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.

- B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
- B2.3. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias).
- B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.
- B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos non proceso de aprendizaxe continua.
- B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatórios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.
- B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.
- B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto.
- B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
- B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).
- B2.11. Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.
- B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descrições.
- B2.13. Usar as TIC para contextualizar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de presentación e dicionarios electrónicos.
- B2.14. Valorar a escritura como fonte de aprendizaxe e como unha forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.
- B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.
- B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.
- B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta, en papel ou en soporte electrónico, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.
- B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos.
- B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.
- B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.
- B3.8. Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
- B3.9. Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
- B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais enos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
- B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade

e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.

- B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno.
- B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
- B4.4. Describir a situación legal das linguas do Estado español.
- B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.
- B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.
- B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.
- B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.
- B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.
- B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, ver pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.
- B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
- B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
- B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- B5.8. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.
- B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

A avaliación debe ser formativa, non tendo en conta só o resultado final, senón que valorará o mérito dunha aprendizaxe a partir dunha situación inicial, tendo en conta o esforzo realizado en cada caso para acadar o resultado final.

Ademais de formativa deberá ser continuada, non podendo limitarse a unha situación illada na que se realicen as probas: ten que ser un proceso dinámico e constante, que axude a modificar, se é necesario, o plano deseñado, a metodoloxía empregada, etc.

Durante o transcurso do ano académico os instrumentos de avaliación que se empreguen non poden limitarse ás probas colectivas, senón que se terán en conta as actividades individuais dos/as alumnos/as, entrevista, observación sistemática mediante fichas de seguimento, rexistro de datos, recollida de cadernos, realización de traballos, probas específicas para constatar a lectura reflexiva das obras literarias que serán marcadas como lecturas obrigatorias para cada trimestre. Tamén cómpre avaliar as actitudes, tales como o uso adecuado dos rexistros da lingua, a presentación habitual dos escritos, a disposición e a sensibilidade creadora e lectora.

Como a nosa finalidade é que amose unha actitude positiva cara a lingua, no caso de que nos atopemos con persoas que por diversas causas presentan unha predisposición negativa ou prexuízos lingüísticos, debemos axudarlles a superar estes obstáculos valorando esta superación, ese cambio de actitudes.

4.1.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A avaliación dos alumnos e alumnas farase seguindo os seguintes parámetros:

-Lectura dun libro: 10% sobre a porcentaxe da nota por avaliación.

-Expresión oral (TO): 10% sobre a porcentaxe da nota global.

-Caderno e traballos básicos de investigación, actitude e traballo na clase (C e OU): 10% sobre a porcentaxe da nota global.

-Resultado dos exames (PE): 70% da nota global.

Para avaliar os coñecementos conceptuais adquiridos polos/as alumnos/as poderanse facer un ou dous exames por avaliación, segundo o criterio do profesorado. Nos exames escritos valorarase tamén a corrección ortográfica e gramatical.

Atenderemos aos seguintes criterios de cualificación:

- Probas escritas: 70% da nota de avaliación

A cualificación deste apartado será a media ponderada a criterio do profesor/a das notas obtidas nas probas que se realizarán por avaliación. Sobre elas, terase en conta a ortografía (0,1 menos por cada erro de ortografía, expresión e puntuación ata un máximo de 1 punto).

Nas probas escritas, cada pregunta levará a súa puntuación e serán entregadas ao alumnado para que poidan revisalas. Así comprobarán os acertos e/ou erros nas mencionadas probas.

Se durante a celebración de calquera das probas de avaliación vemos que o alumnado manipula "chuletas", apuntamentos, o teléfono móbil, reloxo intelixente ou calquera outro dispositivo electrónico coa intención de copiar, será obxecto de medida disciplinaria. Isto suporía a retirada inmediata e invalidación de dita proba, sendo a súa cualificación de 0 puntos.

- Control de lectura: 10% da nota de avaliación

A través da lectura alcázase a case totalidade dos obxectivos da nosa materia: exercitación da comprensión textual, desenvolvemento da expresión oral e escrita, mellora da ortografía, fomento da imaxinación e creatividade, achegamento a vivencias propias e alleas, reflexión sobre mitos dos temas transversais do currículo, coñecemento directo de obras clave da nosa historia literaria... De aí a importancia que cremos que debe ter á hora de avaliar o rendemento do alumnado.

- Expresión escrita: 10% da nota de avaliación

Despois de cada proba escrita, o alumnado deberá facer entrega do seu caderno de aula. Deste xeito quedará avaliado o seu traballo diario. Terase en conta a boa presentación, a limpeza, a realización de tarefas e a boa corrección das actividades.

-Probas orais: 10% da nota de avaliación

O uso oral da nosa lingua é obxecto de observación e análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo. Este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e que poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A nosa realidade sociolingüística esixe o afondamento neste apartado do currículo.

Para lograr o aprobado na materia de Lingua Galega e Literatura de 2º da ESO en cada unha das avaliacións, o alumnado debe cumprir os seguintes requisitos:

- Obter unha puntuación final que sexa igual ou superior a 5 puntos, unha vez aplicadas as porcentaxes correspondentes.

- Presentarse a todas as probas na data indicada previamente. En caso de causa de forza maior debe facer entrega do xustificante pertinente para ter dereito a repetir a proba noutra data.

O noso alumnado, ao longo do curso, obterá na nosa materia unha nota na primeira avaliación, outra na segunda e unha nota na terceira que se celebrará a comezos do mes de xuño, ademais dunha avaliación ordinaria a finais deste mesmo mes. No período de tempo que abrangue desde a celebración da terceira avaliación ata a ordinaria, os membros do Departamento tomamos a decisión de levar a cabo un labor de titorización e traballo con diferentes tipos de actividades dependendo da realidade do noso alumnado: repaso, apoio, reforzo ou recuperación daqueles contidos mínimos non superados ao longo do curso coa finalidade de que o alumnado implicado poida acadar os estándares de aprendizaxe previstos. Os escenarios cos que nos podemos atopar son os seguintes:

➤ **ALUMNADO CON UNHA, DÚAS OU AS TRES AVALIACIÓNS SUSPENSAS**

No período que vai dende a terceira avaliación até a avaliación ordinaria, o profesorado levará a cabo medidas e actividades de repaso para a consecución dos obxectivos do curso. O alumnado con unha avaliación suspensa, se a media aritmética das tres avaliacións dá como resultado unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, e ademais, mantivo unha actitude de traballo e interese entregando todas as tarefas en prazo e forma, non terá que realizar ningunha proba escrita. O curso de referencia quedará aprobado.

No suposto de que tendo unha soa avaliación suspensa, se a media aritmética das tres avaliacións non dá como resultado unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, realizará unha proba escrita cos contidos desa avaliación, para poder superar o curso de referencia. Quedará superado se na proba obtén unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

O alumnado con dúas ou tres avaliacións suspensas terá que realizar unha proba final escrita cos contidos mínimos de toda a materia, coa que demostrará que acadou os obxectivos e competencias do curso de referencia. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos.

➤ **ALUMNADO CON AVALIACIÓN POSITIVA NAS TRES CONVOCATORIAS**

Unha vez realizada a terceira avaliación e feita a media aritmética das tres convocatorias, o alumnado poderá mellorar a súa nota final, na convocatoria ordinaria, se entrega en prazo e forma actividades que serán propostas dende comezos do mes de xuño até o remate do curso escolar. Ademais, terase en conta de xeito positivo aspectos como a asistencia ás aulas, o traballo diario e unha actitude positiva cara á materia. De cumprírense estes requisitos, o alumnado verá incrementada a súa nota final ata unha puntuación de 1 punto sobre a nota media das tres avaliacións. Para o cálculo da nota media, teranse en conta as cualificacións aritméticas reais, sen aproximar, obtidas nas tres avaliacións.

4.1.6. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN

Os/as alumnos/as que ao final do curso non teñan un cinco de media poderán facer un exame final de recuperación no que entrará toda a materia dada e que representará o 100% da nota.

. A estrutura do exame será a seguinte:

- Texto das tipoloxías estudadas durante o curso con preguntas para medir o nivel de competencia lingüística nos aspectos relacionados coa comprensión lectora e a expresión escrita.
- Preguntas sobre o bloque de coñecemento da lingua (gramática, ortografía e léxico), poden estar referidas a un texto ou non, sobre todo, serán de tipo práctico.

- Preguntas sobre educación literaria; poderán ser de tipo teórico ou práctico.
Valoraranse tanto os contidos como a presentación, expresión e ortografía.

4.1.7. ORGANIZACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Ao alumnado coa materia pendente do curso anterior, os profesores prestaranlle na aula a axuda necesaria para recuperala. Se o/a alumno/a aproba a materia do curso no que está matriculado, quedaralle automaticamente aprobada a mesma materia de cursos inferiores. No caso de que a profesora e profesor observanse que un/ha alumno/a se esforza e xa acadou os obxectivos do curso anterior, poderá aprobarlle a materia pendente, aínda que non consiga aprobar a materia do nivel en que está matriculado. Todo o alumnado coa materia pendente terá dereito a realizar un exame en maio. A xefa de departamento, coa axuda da xefa de estudos e do resto dos/as profesores/as do departamento, coordinará os exames de pendentes.

4.1.8. AVALIACION INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR

A avaliación inicial constitúe o factor preventivo por excelencia na atención á diversidade en xeral, e na atención ao alumnado con necesidades específica de apoio educativo, en particular. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado. Seguiremos, en todo caso, as directrices que estableza o Departamento de Orientación.

Nos primeiros días de clase realizarase unha avaliación inicial destinada a comprobar a competencia lingüística do alumnado. Farase a través dunha proba escrita na cal o alumnado dea conta da súa capacidade de comprensión e expresión, o seu coñecemento do funcionamento da lingua, con actividades de gramática, ortografía e léxico, e a súa educación literaria.

Esta será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

4.1.9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE E ACNEAE

Os/as alumnos/as con adaptacións curriculares habitualmente reciben reforzo na aula de apoio durante as clases de Lingua Galega. O día que asisten á clase ordinaria, o profesorado deberá adaptar as actividades ao nivel de adaptación curricular de cada un deles. Intentará que o traballo programado para cada un/unha deles/as facilite a súa integración na aula relacionándoo, ao máximo, coas actividades e os centros de interese nos que se ocupan o resto dos seus compañeiros.

Os/as alumnos/as con deficiencias específicas que non requiran a realización dunha adaptación curricular, realizarán fichas de reforzo adaptadas á corrección das deficiencias observadas.

A atención á diversidade cobra forma na práctica educativa a través de:

- Exercicios complementarios de gramática, que incidan nas habituais carencias que presenta o alumnado nesta etapa educativa e axuden a reforzar os coñecementos adquiridos en

cursos anteriores.

- Lecturas significativas da obra dos autores máis salientables, coas anotacións oportunas. Son un complemento da teoría literaria e axudan a comprender ao autor e a época na que escribe. Estas lecturas poden utilizarse tamén para que os/as alumnos/as lean en voz alta, reciten ou dramaticen textos, ou para que establezan relacións, fagan resúmenes, sínteses, argumente a súa opinión, sobre temas expostos, etc. Tamén poden servir como pretexto para que a profesora lle pida que complete esta información a través doutros libros da biblioteca e expoña despois, oralmente, na clase, o resultado da investigación.

-Comentarios de texto guiados mediante unha serie de preguntas que inciden nos aspectos e característica máis relevantes destes.

- Invitación a manexar Internet como axuda complementaria ao exposto en determinadas unidades.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

GRUPOS: A e B

PROFESORA: M^a Pilar López Martínez

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización avaliación	Avaliación	Elementos transversais	Criterios de cualificación
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.									
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Determina o tema dos textos orais previamente vistos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª e 2ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TO 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE ▪ CA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estes criterios están explicados no punto 4.2.5.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece a idea principal 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TO ▪ OU 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización avaliación	Avaliación	Elementos transversais	Criterios de cualificación
			tema, así como a idea principal e as secundarias.		e as secundarias				
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> Analiza criticamente o contido das noticias ofrecendo a opinión sobre o contido delas 	1ª	<ul style="list-style-type: none"> PE TO OU 	<ul style="list-style-type: none"> EOE EC IEMH 	
<ul style="list-style-type: none"> d e h 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Comprender e analizar textos expositivos e publicitarios, diferenciar nelles información, opinión e persuasión. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> Distingue os elementos persuasivos en textos publicitarios 	3ª	<ul style="list-style-type: none"> TO 	<ul style="list-style-type: none"> CA PV IEMH SCV EA 	
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSEIEE 					
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruidos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais. 	<ul style="list-style-type: none"> CLL CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Explica de xeito guiado os elementos non verbais en textos publicitarios 	3ª	<ul style="list-style-type: none"> TO OU 	<ul style="list-style-type: none"> CA EOE 	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización avaliación	Avaliación	Elementos transversais	Criterios de cualificación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mostra a comprensión do sentido global do texto e reconece a tese e os argumentos usados nelles 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TO ▪ OU 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ É capaz de manifestarse a favor ou en contra dunha opinión 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª e 3ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TO 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE ▪ EMP ▪ EC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Explica o contido do texto e identificar a idea principal e as secundarias 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TO 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortésia nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Analiza textos atendendo á coherencia e á cohesión 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PE ▪ TO 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CL ▪ EOE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪
- B3.9. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
- B3.10. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elabora textos de acordo con estes parámetros.
- B3.11. Identificar e explicar os trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.
- B3.12. Xustifica a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada.
- B3.13. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais enos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
- B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.
- B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución.
- B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
- B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.
- B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.
- B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar.

- B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.
- B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.
- B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballos na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

A avaliación debe ser formativa, non tendo en conta só o resultado final, senón que valorará o mérito dunha aprendizaxe a partir dunha situación inicial, tendo en conta o esforzo realizado en cada caso para acadar o resultado final.

Ademais de formativa deberá ser continuada, non podendo limitarse a unha situación illada na que se realicen as probas: ten que ser un proceso dinámico e constante, que axude a modificar, se é necesario, o plano deseñado, a metodoloxía empregada, etc.

Durante o transcurso do ano académico os instrumentos de avaliación que se empreguen non poden limitarse ás probas colectivas, senón que se terán en conta as actividades individuais dos/as alumnos/as, entrevista, observación sistemática mediante fichas de seguimento, rexistro de datos, realización de traballos, probas específicas para constatar a lectura reflexiva das obras literarias que serán marcadas como lecturas obrigatorias para cada trimestre. Tamén cómpre avaliar as actitudes, tales como o uso adecuado dos rexistros da lingua, a presentación habitual dos escritos, a disposición e a sensibilidade creadora e lectora.

Como a nosa finalidade é que amose unha actitude positiva cara a lingua, no caso de que nos atopemos con persoas que por diversas causas presentan unha predisposición negativa ou prexuízos lingüísticos, debemos axudarles a superar estes obstáculos valorando esta superación, ese cambio de actitudes.

4.2.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A avaliación dos alumnos e alumnas farase seguindo os seguintes parámetros:

- Lectura dun libro: 10% sobre a porcentaxe da nota global.
- Actividades recollidas pola profesora, expresión escrita (PE): 15% da nota global.
- Expresión Oral: (PO, OU) 15%
- Resultado dos exames (PE): 60% da nota global.

Para avaliar os coñecementos conceptuais adquiridos polos/as alumnos/as poderanse facer un ou dous exames por avaliación, segundo o criterio da profesora.

Atenderemos aos seguintes criterios de cualificación:

- Probas escritas: 60% da nota de avaliación

A cualificación deste apartado será a media ponderada a criterio da profesora das notas obtidas nas probas que se realizarán por avaliación. Sobre elas, terase en conta a ortografía (0.1 menos por cada erro de ortografía, expresión e puntuación ata un máximo de 2 puntos).

Nas probas escritas, cada pregunta levará a súa puntuación e serán entregadas ao alumnado para que poidan revisalas. Así comprobarán os acertos e/ou erros nas mencionadas probas.

Se durante a celebración de calquera das probas de avaliación vemos que o alumnado manipula "chuletas", apuntamentos, o teléfono móbil, reloxo intelixente ou calquera outro

dispositivo electrónico coa intención de copiar, será obxecto de medida disciplinaria. Isto suporía a retirada inmediata e invalidación de dita proba, sendo a súa cualificación de 0 puntos.

- Expresión escrita: 15% da nota da avaliación

Con este apartado avaliarase a produción escrita do alumnado. Este debe ser quen de producir textos de diferente complexidade e xénero coa finalidade de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo.

- Probas orais: 15% da nota de avaliación

O uso oral da nosa lingua é obxecto de observación e análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo. Este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e que poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A nosa realidade sociolingüística esixe o afondamento neste apartado do currículo.

-Control de lectura: 10% da nota de avaliación

A través da lectura alcánzase a case totalidade dos obxectivos da nosa materia: exercitación da comprensión textual, desenvolvemento da expresión oral e escrita, mellora da ortografía, fomento da imaxinación e creatividade, achegamento a vivencias propias e alleas, reflexión sobre mitos dos temas transversais do currículo, coñecemento directo de obras clave da nosa historia literaria... De aí a importancia que cremos que debe ter á hora de avaliar o rendemento do alumnado.

Para lograr o aprobado na materia de Lingua Galega e Literatura de 4º da ESO en cada unha das avaliacións, o alumnado debe cumprir os seguintes requisitos:

- Obter unha puntuación final que sexa igual ou superior a 5 puntos, unha vez aplicadas as porcentaxes correspondentes.
- Presentarse a todas as probas na data indicada previamente. En caso de causa de forza maior debe facer entrega do xustificante pertinente para ter dereito a repetir a proba noutra data.

Durante o curso escolar, no caso dalgunha avaliación suspensa, a profesora facilitará a recuperación mediante probas que se realizarán no seguinte trimestre (ao comezo do segundo e terceiro).

O noso alumnado, ao longo do curso, obterá na nosa materia unha nota na primeira avaliación, outra na segunda e unha nota na terceira que se celebrará a comezos do mes de xuño, ademais dunha avaliación ordinaria a finais deste mesmo mes. No período de tempo que abrangue desde a celebración da terceira avaliación ata a ordinaria, os membros do Departamento tomamos a decisión de levar a cabo un labor de tutorización e traballo con diferentes tipos de actividades dependendo da realidade do noso alumnado: repaso, apoio, reforzo ou recuperación daqueles contidos mínimos non superados ao longo do curso coa finalidade de que o alumnado implicado poida acadar os estándares de aprendizaxe previstos.

Os escenarios cos que nos podemos atopar son os seguintes:

- **ALUMNADO CON UNHA, DÚAS OU AS TRES AVALIACIÓNS SUSPENSAS**

No período que vai dende a terceira avaliación até a avaliación ordinaria, o profesorado levará a cabo medidas e actividades de repaso para a consecución dos obxectivos do curso.

O alumnado con unha avaliación suspensa, se a media aritmética das tres avaliacións dá como resultado unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, e ademais, mantivo unha actitude de traballo e interese entregando todas as tarefas en prazo e forma, non terá que realizar ningunha proba escrita. A materia quedará aprobada.

No suposto de que tendo unha soa avaliación suspensa, se a media aritmética das tres avaliacións non dá como resultado unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, realizará unha proba escrita cos contidos desa avaliación, para poder superar a materia. Quedará superada se na proba obtén unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

O alumnado con dúas ou tres avaliacións suspensas terá que realizar unha proba final escrita cos contidos mínimos de toda a materia, coa que demostrará que acadou os obxectivos e competencias. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos.

➤ ALUMNADO CON AVALIACIÓN POSITIVA NAS TRES CONVOCATORIAS

Unha vez realizada a terceira avaliación e feita a media aritmética das tres convocatorias, o alumnado poderá mellorar a súa nota final, na convocatoria ordinaria, se entrega en prazo e forma actividades que serán propostas dende comezos do mes de xuño até o remate do curso escolar. Ademais, terase en conta de xeito positivo aspectos como a asistencia ás aulas, o traballo diario e unha actitude positiva cara á materia. De cumprírense estes requisitos, o alumnado verá incrementada a súa nota final ata unha puntuación de 1 punto sobre a nota media das tres avaliacións. Para o cálculo da nota media, teranse en conta as cualificacións aritméticas reais, sen aproximar, obtidas nas tres avaliacións.

4.2.6. PROCEDEMENTO DE RECUPERACION

Os/as alumnos/as que ao final do curso non teñan un cinco de media poderán facer un exame final de recuperación no que entrará toda a materia e representará o 100% da nota.

. A estrutura do exame será a seguinte:

- Texto das tipoloxías estudadas durante o curso con preguntas para medir o nivel de competencia lingüística nos aspectos relacionados coa comprensión lectora e a expresión escrita.
- Preguntas sobre o bloque de coñecemento da lingua (gramática, ortografía e léxico), poden estar referidas a un texto ou non, sobre todo, serán de tipo práctico.
- Preguntas sobre educación literaria; poderán ser de tipo teórico ou práctico.

Valoraranse tanto os contidos como a presentación, expresión e ortografía.

4.2.7. ORGANIZACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Ao alumnado coa materia pendente do curso anterior a profesora prestaralle na aula a axuda necesaria para recuperala. Se o/a alumno/a aproba a materia do curso no que está matriculado, quedaralle automaticamente aprobada a mesma materia de cursos inferiores. No caso de que a profesora observase que un/ha alumno/a se esforza e xa acadou os obxectivos do curso anterior, poderá aprobarlle a materia pendente, aínda que non consiga aprobar a materia do nivel en que está matriculado. Todo o alumnado coa materia pendente terá dereito a realizar un exame en maio. A xefa de departamento, coa axuda do xefe de estudos e do resto das profesoras do departamento, coordinará os exames de pendentes.

4.2.8. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR

A avaliación inicial constitúe o factor preventivo por excelencia na atención á diversidade en xeral, e na atención ao alumnado con necesidades específica de apoio educativo, en particular. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do

alumnado. Seguiremos, en todo caso, as directrices que establece o Departamento de Orientación.

Nos primeiros días de clase realizarase unha avaliación inicial destinada a comprobar a competencia lingüística do alumnado. Farase a través dunha proba escrita na cal o alumnado dea conta da súa capacidade de comprensión e expresión, o seu coñecemento do funcionamento da lingua, con actividades de gramática, ortografía e léxico, e a súa educación literaria.

Esta será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

4.2.9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ACNEAE

As medidas de atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos desta etapa educativa e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

A atención educativa á diversidade enténdese como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais do alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

Trátase de conseguir que todas as persoas consigan acadar o máximo desenvolvemento persoal e social, polo que é necesario facilitarles unha educación adaptada ás súas singularidades, que garanta a igualdade efectiva de oportunidades, ofrecéndolles os recursos necesarios.

Tendo en conta esa diversidade expoñeremos a información de diferentes formas (textos explicativos, cadros-resumo, esquemas), utilizando os recursos que se ofrecen na rede e ofrecendo unha gran tipoloxía de actividades.

A atención á diversidade cobra forma na práctica educativa a través de:

- Exercicios complementarios de gramática, que incidan nas habituais carencias que presenta o alumnado nesta etapa educativa e axuden a reforzar os coñecementos adquiridos en

cursos anteriores.

- Lecturas significativas da obra dos autores máis salientables, coas anotacións oportunas. Son un complemento da teoría literaria e axudan a comprender ao autor e a época na que escribe. Estas lecturas poden utilizarse tamén para que os/as alumnos/as lean en voz alta, reciten ou dramaticen textos, ou para que establezan relacións, fagan resúmenes, sínteses, argumente a súa opinión, sobre temas expostos, etc. Tamén poden servir como pretexto para que a profesora lle pida que complete esta información a través doutros libros da biblioteca e expoña despois, oralmente, na clase, o resultado da investigación.

-Comentarios de texto guiados mediante unha serie de preguntas que inciden nos aspectos e característica máis relevantes destes.

- Invitación a manexar Internet como axuda complementaria ao exposto en determinadas unidades.

LINGUA GALEGAE LITERATURA 2º Bacharelato

GRUPOS: A, B

PROFESORA: María Luisa Rigueira Rodríguez

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar								
degh	B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.	B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.	LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Identificar a idea principal e as secundarias dun texto oral 	1ª	TO	Están explicados no punto 4.3.5.
			LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resúmenes, esquemas ou mapas conceptuais.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Realizar resúmenes e esquemas 	1ª, 2ª e 3ª	PE TO	
			LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais	CAA	<ul style="list-style-type: none"> Emitir xuízos críticos sobre 	1ª, 2ª e 3ª	TO	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
			de distinta natureza.		discursos orais			
dehi	B1.2. Comprensión interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo.	B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencia).	LGB1.2.1. Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia sobre temas especializados do ámbito educativo).	CCL CAA	<ul style="list-style-type: none"> Identificar as ideas principais e os contidos relevantes dunha presentación 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
			LGB1.2.2. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	CAA				
			LGB1.2.3. escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.	CCL CAA	<ul style="list-style-type: none"> Tomar notas e formular preguntas para aclarar as ideas 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
degh	B1.3. Comprensión interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (xéneros informativos e de opinión, e da publicidade).	B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais xornalísticos e publicitarios.	LGB1.3.1. Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais.	CCL CAA	<ul style="list-style-type: none"> Interpreta o tema e a estrutura en anuncios 	1ª	TO	
			LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social.	CCL CAA CSC	<ul style="list-style-type: none"> Identificar as características propias dos xéneros informativos 	1ª, 2ª	TO PE	
			LGB1.3.3. Analiza os recursos verbais e non verbais que se empregan na pu-	CCL CSC	<ul style="list-style-type: none"> Analizar os recursos que se empregan na 	1ª	TO PE	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
			blicidade para convencer os destinatarios ou destinatarias.		publicidade			
			LGB1.3.4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios.	CAA CCL	<ul style="list-style-type: none"> Analizar criticamente as mensaxes publicitarias 	1ª	TO	
a b e	B1.4. Desenvolvemento das habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.	B1.4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortésia, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Identificar os elementos que dan coherencia e cohesión a un discurso 	1ª, 2ª e 3ª	PE TO	
			LGB1.4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortésia na comunicación oral e respecta as opinións alleas.	CSC CAA	<ul style="list-style-type: none"> Respectar as opinións alleas 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
			LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CCL CSC CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer a importancia da linguaxe corporal e da prosodia 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
d e g h i m	B1.5. Produción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con	B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en	LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	CAA CCL	<ul style="list-style-type: none"> Producir discursos coherentes 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
			LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.	CAA	<ul style="list-style-type: none"> Saber consultar diversas fontes de información 	1ª, 2ª e 3ª	TO	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
	control das emocións ao falar en público.	público.	LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema e non divaga.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Presentar os contidos de forma clara cínguindose ao tema 	2ª e 3ª	TO	
			LGB1.5.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CCL CSC CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> Ter autocontrol ao dirixirse ao público 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
			LGB1.5.5. Exprésase con facilidade e recorre a paráfrases ou circunloquios cando non encontra a expresión precisa.	CCL CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> Exprésarse con fluidez 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
			LGB1.5.6. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Cambiar de rexistro dependendo da situación 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
			LGB1.5.7. Tenta buscar a complicidade do público e demostra seguridade ao responder as preguntas do auditorio.	CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> Responder con confianza 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
			LGB1.5.8. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CD CCL CAA	<ul style="list-style-type: none"> Usar as TIC para elaborar presentacións 	2ª	TO	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Critérios de cualificación
e	B1.6. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Intervir espontaneamente con coherencia e corrección 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
			LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Colocar o pronome átono de forma correcta e pronunciar as sete vogais e o n velar 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
			LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo e conxugado e fraseoloxía adecuada.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Empregar expresións propias da fraseoloxía galega 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
			LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Empregar un léxico variado 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
e g h i	B1.7. Exposición oral de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural.	B1.7. Expor oralmente, con rigor e claridade, un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	LGB1.7.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Desenvolver un tema de xeito claro e correcto 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
			LGB1.7.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Empregar léxico preciso 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
a b e	B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun	B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen	LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e	CCL CAA CSC	<ul style="list-style-type: none"> Argumentar de forma comprensible 	1º, 2º e 3º	TO	

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
	tema de actualidade.	opinións acerca dun tema de actualidade.	comenta as contribucións das persoas interlocutoras.					
			LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatória.	CCL CSC	<ul style="list-style-type: none"> Respectar a quenda de palabra e as opinións alleas 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
a b c e m	B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.	B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.	LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.	CCL CSC CSIEE				
b d e	B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.	B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer, en exposicións orais propias e alleas, as dificultades expresivas.	LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma.	CAA CCL	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer erros nas producións propias e alleas 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
			LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.	CAA	<ul style="list-style-type: none"> Ser capaz de progresar de xeito autónomo 	1ª, 2ª e 3ª	TO PE	
e	B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.	CCL CAA	<ul style="list-style-type: none"> Emitir unha pronuncia galega correcta 	1ª, 2ª e 3ª	TO	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
			LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.	CCL CSC	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer e rexeitar os prexuízos asociados á pronuncia galega 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
			LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	CCL CSC	<ul style="list-style-type: none"> Usar a variante dialectal oriental 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir								
b d f h	B2.1. Comprensión e produción de textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial con axuda de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos.	B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.	CCL CCA	<ul style="list-style-type: none"> Ser capaz de resumir, esquematizar e elaborar mapas conceptuais 	1ª, 2ª e 3ª	PE TO	
			LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Interpretar o sentido dos textos expositivos e argumentativos 	1ª, 2ª e 3ª	PE	
			LGB2.1.3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Diferenciar as ideas principais das secundarias e sintetizar o contido dos textos expositivos e argumentativos 	1ª, 2ª e 3ª	PE	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
			LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións.	CCL CD CAA	▪	▪	▪	
b f h	B2.2. Planificación, produción e revisión de textos de distintos ámbitos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas morfolóxicas e gramaticais e ben presentados.	B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.	LGB2.2.1. Planifica os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final.	CCL	▪ Revisar os textos escritos	▪ 1ª, 2ª e 3ª	▪ TO ▪ PE	
			LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas.	CCL CSC	▪ Escribir textos de distintos ámbitos ben organizados e cohesionados	▪ 1ª, 2ª e 3ª	▪ PE	
b d f h	B2.3. Produción de traballos educativos individuais e en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica e cultural.	B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas controvertidos do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural.	LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.	CCL	▪ Desenvolver un tema de xeito claro e rigoroso	▪ 1ª, 2ª e 3ª	▪ TO	
			LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal.	CCL	▪ Utilizar a expresión adecuada a cada situación comunicativa	▪ 1ª, 2ª e 3ª	▪ TO ▪ PE	
			LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín.	CCL	▪ Empregar léxico preciso	▪ 1ª, 2ª e 3ª	▪ PE ▪ TO	
			LGB2.3.4. Organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa	CCL CSC	▪ Redactar un texto ben argumentado	▪ 1ª, 2ª e 3ª	▪ PE	

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
			opinión con argumentos.					
dfh	B2.4. Análise e comentario de textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	B2.4. Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	LGB2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Describir os trazos propios dos textos expositivos e dos argumentativos 	1ª, 2ª e 3ª	PE	
			LGB2.4.2. Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer os procedementos de estilo directo, estilo indirecto e indirecto libre 	2ª	PE	
beh	B2.5. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas e dixitais e posterior organización e revisión das producións cos recursos que ofrecen as TIC.	B2.5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e utilizar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura, desde a planificación, organización e produción do texto á súa revisión e corrección final.	LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo.	CCL CD CAA	<ul style="list-style-type: none"> Facer fichas con resumos utilizando fontes dixitais 	2ª	OU	
			LGB2.5.2. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.	CCL CD	<ul style="list-style-type: none"> Presentar os traballos seguindo unhas normas de organización 	2ª	OU	
			LGB2.5.3. Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos.	CCL CD	<ul style="list-style-type: none"> Usar procesadores para mellorar os escritos 	2ª e 3ª	OU	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
b f h	B2.6. Descrición das propiedades do texto e análise, nas producións propias e alleas, dos procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión.	B2.6. Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas.	LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos.	CCL CAA	▪ Escribir textos utilizando os recursos de cohesión	▪ 1ª, 2ª e 3ª	▪ PE	
			LGB2.6.2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas.	CCL CAA	▪ Analizar as características dos tipos de rexistro	▪ 2ª	▪ PE	
Bloque 3. Funcionamento da lingua								
e	B3.1. Pronuncia correcta dos fonemas propios do galego e das transformacións fonéticas que se dan nas palabras ao longo da cadea falada.	B3.1. Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.	LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega.	CCL CAA CCEC	▪ Identificar as sete vogais e os fonemas consonánticos	▪ 1ª	▪ PE ▪ TO	
			LGB3.1.2. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.	CCL CCEC				
d e	B3.2. Coñecemento e explicación das variedades dialectais de Galicia.	B3.2. Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.	LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural.	CCL CCEC	▪ Explicar as características de cada un dos bloques dialectais	▪ 1ª	▪ PE	
e	B3.3. Análise e explicación do léxico e dos seus procedementos de formación.	B3.3. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.	LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras.	CCL CAA	▪ Explicar a derivación, a composición e a parasíntese	▪ 1ª	▪ PE	
			LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica.	CAA	▪ Explicar os tipos de morfemas	▪ 1ª	▪ PE	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
			LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica.	CAA	<ul style="list-style-type: none"> Analizar e explicar a estrutura morfolóxica 	1ª, 2ª	PE	
e	B3.4. Observación, reflexión e explicación das unidades e funcións sintácticas.	B3.4. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.	LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.	CAA	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer as estruturas sintácticas e as relacións 	1ª, 2ª	PE	
e	B3.5. Reflexión e explicación das relacións e unidades semánticas.	B3.5. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.	LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas.	CCL CAA	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as relacións semánticas 	2ª	PE	
b e h	B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais enos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais enos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.6.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA CD	<ul style="list-style-type: none"> Valorar as competencias que posúe como persoa plurilingüe 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
b e	B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA	<ul style="list-style-type: none"> Utilizar os coñecementos lingüísticos adquiridos nunha lingua para mellorar outras 	1ª, 2ª e 3ª	TO	
Bloque 4. Lingua e sociedade								
p	B4.1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos	B4.1. Recoñecer os estereotipos e prexuízos	LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer os 	2ª	PE	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
	usos. B4.2. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.	zos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.	súa repercusión nos usos.	CSC	prexuízos lingüísticos			
			LGB4.1.2. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas.	CCL CSC	<ul style="list-style-type: none"> Elaborar traballos nos que se describen cuestións sociolingüísticas 	2ª	<ul style="list-style-type: none"> TO 	
h p	B4.3. Construción da variante estándar da lingua galega. B4.4. Interferencias lingüísticas: castelanismos.	B4.2. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.	LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Descibir o proceso de construción da variedade estándar 	2ª	<ul style="list-style-type: none"> PE 	
			LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.	CCL CCEC	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer as interferencias, sobre todo, os castelanismos 	2ª	<ul style="list-style-type: none"> PE TO 	
p	B4.5. Historia da lingua: galego moderno (desde 1916 ata 1978); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.	B4.3. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata 1978, describir o seu contexto e identificalo en textos.	LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978).	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer as características fundamentais do galego moderno (1916-1978) 	1ª	<ul style="list-style-type: none"> PE 	
			LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística.	CCL CSC	<ul style="list-style-type: none"> Descibir o contexto histórico e a situación sociolingüística desde 1916 ata 1978 	1ª	<ul style="list-style-type: none"> PE 	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
			LGB4.3.3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico.	CCL	▪ Sinalar as etapas que se poden establecer entre 1916 e 1978	▪ 1ª	▪ PE	
			LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua.	CCL CSC	▪ Analizar a importancia da etapa de 1916-1978 no desenvolvemento da lingua	▪ 1ª	▪ PE	
			LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios.	CCL	▪ Identificar as características do galego moderno desde 1916 ata 1978	▪ 1ª	▪ PE	
p	B4.6. Historia da lingua: galego moderno (desde 1978 ata a actualidade); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística; situación legal e características lingüísticas.	B4.4. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificarlo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua.	LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade).	CCL	▪ Describir as características principais do galego moderno	▪ 3ª	▪ PE	
			LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística.	CCL CSC	▪ Describir a situación sociolingüística desde 1978	▪ 3ª	▪ PE	
			LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego.	CCL CSC	▪ Analizar a situación de desenvolvemento do galego	▪ 3ª	▪ PE	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
					desde 1978			
			LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades.	CCL CSC	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer a situación do galego como lingua en vías de normalizarse 	2ª	PE	
			LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer as principais características lingüísticas en textos posteriores a 1978 	3ª	PE	
p	B4.7. Elaboración dunha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	B4.5. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Describir de xeito esquemático as diferentes etapas da lingua 	1ª	PE	
p	B4.8. A evolución da conciencia lingüística.	B4.6. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.	LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.	CCL CSC	<ul style="list-style-type: none"> Interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua 	3ª	PE	
Bloque 5. Educación literaria								
e n	B5.1. Literatura galega de 1916 a 1936: Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.	B5.1. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936: Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.	LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Analizar e describir os autores das Irmandades e de Vangarda 	1ª	PE	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
	<p>Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.</p> <p>Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.</p>	<p>Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.</p> <p>Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.</p>	LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Analizar e describir as características dos autores das Irmandades e o Grupo Nós 	1ª	<ul style="list-style-type: none"> PE 	
			LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Analizar e describir as características do teatro galego de 1916 a 1936 	1ª	<ul style="list-style-type: none"> PE 	
e d n	<p>B5.2. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</p>	<p>B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</p>	LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Comentar seguindo unhas pautas textos de poesía de 1916 a 1936 	1ª	<ul style="list-style-type: none"> PE TO 	
			LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Comentar seguindo unhas pautas textos de prosa de 1916 a 1936 	1ª	<ul style="list-style-type: none"> PE TO 	
			LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Comentar seguindo unhas pautas textos teatrais de 1916 a 1936 	1ª	<ul style="list-style-type: none"> PE TO 	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
e n	<p>B5.3. Literatura galega entre 1936 e 1975:</p> <p>Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.</p> <p>Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.</p> <p>Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.</p>	<p>B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975:</p> <p>Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.</p> <p>Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.</p> <p>Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.</p>	LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Analizar e describir a poesía do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais 	2ª	PE	
			LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Analizar e describir a prosa do exilio, os renovadores da prosa, a NNG e os autores de inicios dos 70 	2ª	PE	
			LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Analizar e describir o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia 	2ª	PE	
e d n	B5.4. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Comentar textos representativos da poesía galega de 1936 ata 1975 seguindo unhas pautas 	2ª	PE	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaiación	Critérios de cualificación
			LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Comentar textos representativos da prosa galega de 1936 ata 1975 seguindo unhas pautas 	2ª	PE	
			LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Comentar textos representativos do teatro galego de 1936 ata 1975 seguindo unhas pautas 	2ª	PE	
e n	<p>B5.5. Literatura galega de 1975 ata a actualidade:</p> <p>Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p>	<p>B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade:</p> <p>Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p>	LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Describir a situación da poesía galega desde 1975 	3ª	PE	
			LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Describir a situación da prosa galega desde 1975 	3ª	PE	
			LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Describir a situación do teatro galego desde 1975 	3ª	PE	

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso								
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización por avaliacións	Avaliación	Criterios de cualificación
e d n	B5.6. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Comentar textos poéticos de 1975 á actualidade seguindo unhas pautas 	3ª	<ul style="list-style-type: none"> PE 	
			LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Comentar textos representativos da prosa desde 1975 á actualidade seguindo unhas pautas 	3ª	<ul style="list-style-type: none"> PE 	
			LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Comentar textos teatrais representativos de 1975 ata a actualidade 	3ª	<ul style="list-style-type: none"> PE 	
e n	B5.7. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	CCL	<ul style="list-style-type: none"> Analizar e comentar unha obra de cada un dos períodos 	1ª, 2ª e 3ª	<ul style="list-style-type: none"> PE TO 	

4.3.2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire un maior grao de protagonismo.

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución

de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.

Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para adestrar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumnado. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas aos alumnos.

A metodoloxía didáctica en Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

En Bacharelato, a relativa especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia e polas esixencias do tipo de coñecemento propio de cada unha.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel.

CRITERIOS METODOLÓXICOS

Na materia de Lingua e Literatura de Bacharelato utilizaranse os seguintes criterios metodolóxicos:

- Adecuación das actividades á madurez do alumnado nesta etapa educativa.
- Diversidade de propostas e actividades que responden aos modos diferentes de aprendizaxes.
- Integración do aprendido a través da interdisciplinidade.
- Desenvolvemento das capacidades cognitivas do alumnado.
- Organización e precisión en contidos teóricos e actividades prácticas.
- Aprendizaxe autónoma dos estudantes.
- Secuenciación pautada da aprendizaxe práctica.
- Participación activa do alumnado na aprendizaxe individual e en grupo.
- Fomento do interese pola aprendizaxe.
- Uso funcional da lingua.

ESTRATEGIAS E ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

A presentación dos temas con formulacións introdutorias para cada unidade, presentación dos contidos en apartados e subapartados diferenciados, actividades directas e focalizadas, actividades interdependentes, favorece a utilización de estratexias adecuadas en cada caso para que o alumnado sexa competente en comunicación lingüística segundo os obxectivos que consideran na etapa.

Entre as estratexias didácticas encóntranse a lectura; as explicacións sobre os contidos; as aplicacións prácticas dos saberes e as habilidades; a aplicación de técnicas de estudo; a análise e a reflexión sobre conceptos, textos ou ideas complexas; a investigación lingüística e literaria; a construción de ideas novas e xuízos críticos.

Para levalas a cabo, ofrécese actividades de diversos tipos que responden a diferentes enfoques, formas de aprendizaxe e niveis de complexidade, individuais ou de grupo, asociadas

ou non a técnicas determinadas e en función dos campos traballados da lingua e a literatura: actividades de identificación, de relación, de clasificación, de organización, de estruturación, de síntese, de análise inductiva e deductiva, de lectura, de comentario, de escritura, de chuvia de ideas, de diálogo e debate, de reflexión, de contextualización, de busca de información, de investigación, etc.

Materiais e recursos didácticos

- Ordenador, canón e encerado dixital.
- Apuntamentos elaborados polo profesorado.
- Enlaces web a contidos de reforzo, ampliación, as ferramentas TIC... que complementen os contidos dos apuntamentos.
- Textos complementarios para traballar o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita.
- Textos literarios dos diferentes xéneros escritos nos séculos XX e XXI.
- Recursos fotocopiados relativos tanto a actividades como a contidos.
- Dicionarios tanto en formato impreso como en rede para poder solucionar dúbidas puntuais.

4.3.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACION

Procedementos de avaliación.

- Realizaranse probas escritas e/ou orais.
- Teranse en conta as producións do alumnado: traballos individuais e colectivos, caderno de aula.
- Observación sistemática do alumnado.

Instrumentos de avaliación.

- As producións do alumnado: exames, traballos, caderno de aula. PE (proba escrita), OU (traballos e exposicións)
- TO: Caderno de aula do docente (coas súas observacións e anotacións nas que se incluírá o uso oral da lingua).
- Cuestionario de autoavaliación despois de explicado cada tema.

4.3.4. CRITERIOS DE AVALIACION

Os criterios de avaliación para este curso son os seguintes:

- B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.
 - B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencia).
 - B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais xornalísticos e publicitarios.
 - B1.4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.
 - B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.
 - B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
 - B1.7. Expor oralmente, con rigor e claridade, un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.
 - B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.
 - B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.
 - B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer, en exposicións orais propias e alleas, as dificultades expresivas.
 - B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.
- B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.
- B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas controvertidos do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural.
- B2.4. Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.
- B2.5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e utilizar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura, desde a planificación, organización e produción do texto á súa revisión e corrección final.
- B2.6. Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas.
- B3.1. Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.
- B3.2. Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.
- B3.3. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.
- B3.4. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e función sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.
- B3.5. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.

- B3.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais enos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
- B4.1. Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.
- B4.2. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castellanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.
- B4.3. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata 1978, describir o seu contexto e identificalo en textos.
- B4.4. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua.
- B4.5. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.
- B4.6. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.
- B5.1. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936:
 - Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.
 - Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.
 - Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.
- B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
- B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975:
 - Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.
 - Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.
 - Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
- B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade:
 - Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.
 - Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.
 - Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.
- B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

- B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.

A avaliación debe ser formativa, non tendo en conta só o resultado final, senón que valorará o mérito dunha aprendizaxe a partir dunha situación inicial, tendo en conta o esforzo realizado en cada caso para acadar o resultado final.

Ademais de formativa deberá ser continuada, non podendo limitarse a unha situación illada na que se realicen as probas: ten que ser un proceso dinámico e constante, que axude a modificar, se é necesario, o plano deseñado, a metodoloxía empregada, etc.

Durante o transcurso do ano académico os instrumentos de avaliación que se empreguen non poden limitarse ás probas colectivas, senón que se terán en conta as actividades individuais dos/as alumnos/as, entrevista, observación sistemática mediante fichas de seguimento, rexistro de datos, recollida de cadernos, realización de traballos, probas específicas para constatar a lectura reflexiva das obras literarias que serán marcadas como lecturas obrigatorias para cada trimestre. Tamén cómpre avaliar as actitudes, tales como o uso adecuado dos rexistros da lingua, a presentación habitual dos escritos, a disposición e a sensibilidade creadora e lectora.

Como a nosa finalidade é que amose unha actitude positiva cara a lingua, no caso de que nos atopemos con persoas que por diversas causas presentan unha predisposición negativa ou prexuízos lingüísticos, debemos axudarles a superar estes obstáculos valorando esta superación, ese cambio de actitudes.

4.3.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A avaliación dos alumnos e alumnas farase seguindo os seguintes parámetros:

- a) Exames. Realizaranse un ou máis exames cada avaliación. Puntuarase de 0 a 10. O valor destas probas é o 100% da nota. A cualificación deste apartado será a media das notas obtidas nas distintas probas. Para calcular a nota final do curso farase unha media das tres avaliacións, tendo en conta a nota real e non a ponderada.
- b) O caderno do alumnado, os traballos e a observación na aula por parte do docente servirán para redondear a nota. Subirase a nota un máximo de un punto.
- c) Farase un exame de recuperación por avaliación. Os alumnos/as que ao final do curso non teñan un cinco de media poderán facer un exame final de recuperación no que entraría toda a materia.

Nos exames escritos valorarase tamén a corrección ortográfica e gramatical. Cada falta de ortografía resta 0,1 até un máximo de 2 puntos sobre a nota total do exame.

Se durante a celebración de calquera das probas de avaliación vemos que o alumno manipula *chuletas*, apuntamentos, o teléfono móbil, reloxo intelixente ou calquera outro dispositivo electrónico coa intención de copiar, será obxecto de **medida disciplinaria**. Isto suporía a retirada inmediata e invalidación de dito exame, sendo a súa cualificación de 0 puntos.

4.3.6. PROCEDEMENTO DE RECUPERACION

.Aqueles/as alumnos/-as que non aproben a materia en maio, examinaranse de todo o temario nas probas de xuño. A estrutura do exame será a seguinte:

- Texto das tipoloxías estudadas durante o curso con preguntas para medir o nivel de competencia lingüística nos aspectos relacionados coa comprensión lectora e a expresión escrita e un comentario crítico.
- Preguntas sobre o bloque de coñecemento da lingua (fonética e fonoloxía, dialectoloxía, gramática, ortografía e léxico), referidas a un texto, preferentemente serán de tipo práctico.
- Preguntas sobre educación literaria de tipo teórico e práctico.

-Preguntas de lingua e sociedade de tipo teórico e práctico.
Valoraranse tanto os contidos como a presentación, expresión e ortografía.

4.3.7. ORGANIZACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

O alumnado coa materia pendente de 1º poderá recuperala se aproba as dúas primeiras avaliacións. En caso contrario, terá que presentarse a un exame a final de curso na data que decida xefatura de estudos. Non poderá ser avaliado positivamente da materia de segundo se non supera a de primeiro.

4.3.8. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR

Nos primeiros días de clase realizarase unha avaliación inicial destinada a comprobar a competencia lingüística do alumnado. Farase a través dunha proba escrita na cal o alumnado dará conta da súa capacidade de comprensión e expresión, o seu coñecemento do funcionamento da lingua, con actividades de gramática, ortografía e léxico, e a súa educación literaria.

Teremos que ter en conta a excepcionalidade do último trimestre do curso anterior e partir dun nivel menos elevado, xa que unha parte dos estándares de aprendizaxe deste curso (o bloque de lingua oral e lingua escrita) son similares aos do curso pasado: polo tanto, veremos cal e o alumnado que precisa un reforzo maior e cales son os que precisan dunha maior explicación para elaborar actividades que respondan a esa necesidade.

4.3.9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os estudantes manifestan unha gran diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan un reforzo continuo e outros non; hainos que prefiren traballar só e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

Tendo en conta esa diversidade expoñeremos a información de diferentes formas (textos explicativos, cadros-resumo, esquemas), utilizando os recursos que se ofrecen na rede e ofrecendo unha gran tipoloxía de actividades.

Ademais, propóñense as seguintes medidas para dar resposta á diversidade:

- Detectar as ideas previas mediante, por exemplo, diálogos na aula ou debates, que permitirán que o docente coñeza aos estudantes e eles, a si mesmos.
- Repasar as nocións estudadas con regularidade e resolver os problemas detectados.
- Realizar numerosas e diversas actividades que combinen as resolucións individuais e en pequeno e gran grupo, e a oralidade e o escrito.
- Utilizar recursos gráficos, dixitais, etc.

4.7. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), sinala que é necesario que o alumnado adquira desde idades temperás competencias transversais, como o pensamento crítico, a xestión da diversidade, a creatividade ou a capacidade de comunicar, e actitudes clave como a confianza individual, o entusiasmo, a constancia e a aceptación do cambio. A educación inicial é cada vez máis determinante xa que hoxe en día o proceso de aprendizaxe non remata no sistema educativo, senón que se proxecta ao longo de toda a vida da persoa. Así mesmo, esta lei orgánica considera esencial a preparación do alumnado para a cidadanía activa e máis a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente. No cque esta lei orgánica propugna abórdase esta necesidade de forma transversal ao incorporar a educación cívica e constitucional a todas as disciplinas durante a educación básica, de forma que a adquisición de competencias sociais e cívicas se inclúa na dinámica cotiá dos procesos de ensino e aprendizaxe e se potencia desa forma, a través dun enfoque conxunto, a súa posibilidade de transferencia e o seu carácter orientador.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no DOG do 29 de xuño de 2015, tamén se detén nos elementos transversais, concretamente no artigo 4.

Partindo destas disposicións legais podemos establecer dez elementos transversais:

1. A comprensión lectora e a expresión oral e escrita (CL e EOE)

A materia de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado e debe tamén achegar ao alumnado as ferramentas e os coñecementos precisos para se desenvolver satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por un lado, e de comprensión e expresión escrita por outro, de aí que a «comprensión lectora e expresión oral e escrita» estea presente nos diferentes textos e exercicios traballados polo alumnado. Tamén se favorecerá a actividade e criterio lector coa lectura de obras da literatura xuvenil en lingua galega. Asemade, o bloque «Educación literaria» desenvolve o obxectivo de facer do alumnado lectores cultos e competentes coa lectura, coa comprensión e coa interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva.

2. A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación (CA e TIC)

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas do alumnado, de aí que se rexeitará a inadecuada utilización das TIC e da comunicación audiovisual e se favorecerá o seu uso responsable. Fomentarase unha actitude crítica coa información da comunicación audiovisual e das TIC e responsable no seu uso.

3. O emprendemento (EMP)

Desenvolverase e afianzarase o espírito emprendedor, a adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresa, o fomento da igualdade de oportunidades e máis o respecto ao emprendedor e ao empresariado. Favorecerase o nacemento de emprendedoras e emprendedores sociais con diversas capacidades: creadora e innovadora, proactiva para xestionar proxectos, de asunción e xestión de riscos, de liderado e traballo individual e en equipo e máis de sentido crítico e da responsabilidade.

4. A educación cívica e o respecto ao Estado de dereito (EC e RED)

Fomentaranse os principios democráticos de convivencia co fin de que o alumnado aprenda a se comprometer cunha cidadanía activa e democrática, desde unha perspectiva global, adquira unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores do Estado de dereito, así como polos dereitos humanos, e que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

5. A igualdade efectiva entre mulleres e homes (IEMH)

Motivarase a igualdade efectiva e o respecto por igual entre mulleres e homes eliminando todo tipo de discriminacións na linguaxe utilizada nas aulas e no material proposto (escrito e gráfico), mellorarase a práctica da igualdade na aula e promoveranse cambios de actitudes no alumnado co fin de romper os estereotipos de discriminación.

6. A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida así como de calquera forma de violencia: de xénero, contra persoas con discapacidade, racismo, xenofobia etc. (PV)

Promoverase a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera

condición ou circunstancia persoal ou social, así como os valores educativos, sociais e culturais, que afonden no interese pola educación para a paz, a convivencia e mais a interculturalidade. Tamén se reflexionará sobre a diversidade cultural na aula, no centro e na sociedade desde o plurilingüismo ou desde un punto de vista intercultural. Traballárase a prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social e mais de calquera tipo de violencia, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos.

7. A saúde e a calidade de vida (SCV)

Promoverase que forme parte do comportamento xuvenil a actividade física diaria, a dieta equilibrada e o estilo de vida saudable e ademais favorecerase o desenvolvemento do sentido da responsabilidade individual en relación coa saúde, entendida esta como benestar físico e mental, individual, social e ambiental.

8. A discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero (DISC)

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Abordaranse cuestións relacionadas coa identidade de xénero, coa prevención de embarazos non desexados e mais co desenvolvemento do sentido da responsabilidade individual.

9. A educación viaria (EV)

No ámbito da educación e a seguranza viaria promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peón, viaxeiro e condutor de bicicletas ou vehículos de motor, respecte as normas e sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

10. A educación ambiental e o respecto polo medio natural (EA)

Implicarase o alumnado nas estratexias educativas para mellorar o coñecemento do desenvolvemento sustentable, do medio, da climatloxía e do cambio climático. Ademais, fomentárase unha relación de respecto e de non destrución do medio natural.

OBRADOIRO DE ANÁLISE E COMENTARIO DE TEXTOS 1º BACHARELATO

GRUPOS: A, B

PROFESORA: María Luisa Rigueira Rodríguez

4.4.1. OBXECTIVOS FUNDAMENTAIS

- a) Fomentar a competencia lectora, mediante o traballo dunha lectura "intelixente".
- b) Identificar as ideas principais e secundarias dun texto, así como, de ser o caso, ser capaz de sinalar as opinións defendidas polo autor.
- c) Resumir e estruturar un texto de xeito que en poucas liñas quede claro cal é o tema, as ideas máis importantes e a tese que aparece no texto...
- d) Desenvolver a capacidade reflexiva e crítica no marco de debates nos que se establezan normas de intervención e usos respectuosos e tolerantes coas ideas alleas.
- e) Traballar a competencia oral (falar, escoitar, expoñer, debater) e tamén a competencia escrita mediante a construción dun comentario de texto que sexa coherente, adecuado á situación comunicativa, e correcto gramatical e ortograficamente.

- f) Fomentar a tolerancia e o respecto cara ideas diferentes ás propias.
- g) Artellar unha argumentación de forma elaborada, coherente e convincente, sempre desde unha visión construtiva e tolerante.
- h) Achegarse a temáticas da actualidade de relevancia social como a violencia de xénero, a discapacidade, os conflitos sociais, as redes sociais, ou calquera texto que nos achegue ao mundo no que vivimos ou que trate asuntos de interese para o alumnado.
- i) Ser capaz de avaliar a coherencia, a adecuación e o estilo dun texto.
- j) Poñer en valor o traballo en equipo, destacando a realimentación que supón saber escoitar aos demais cando se presentan diferentes puntos de vista.
- k) Fortalecer o traballo autónomo.
- l) Saber aplicar toda a nosa bagaxe cultural na construción dunha argumentación sólida.
- m) Manexar correctamente un procesador de textos.

4.4.2. COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. Tendo en conta a transversalidade da materia Obradoiro de análise e comentario de textos consideramos que están presentes as seguintes competencias clave:

- a) Comunicación lingüística. Trabállase a lingua na súa totalidade. Búscase que o alumnado se exprese con adecuación e corrección, oralmente e por escrito, no ámbito privado e no público.
- b) Competencia dixital. Búscase que o alumnado se familiarice tanto coa busca de información relevante para a elaboración do comentario, como tamén coa ferramenta do procesador de textos para a presentación dos traballos escritos.
- c) Aprender a aprender. O exercicio da lectura significativa, a elaboración de resumos ou o artellamento dunha argumentación sólida afianzan técnicas que son fundamentais na aprendizaxe en calquera materia.
- d) Competencia social e cívica. As discusións en grupo fomentan a tolerancia e o respecto cara as opinións diferentes. Asemade, seleccionaremos textos de actualidade que propicien a confrontación de opinións e que esperten o espírito crítico do alumnado para contribuír á súa formación como cidadáns responsables, tolerantes e activos.
- e) Conciencia e expresións culturais. As lecturas e comentarios críticos fomentan a identificación e coñecemento da súa propia cultura e das alleas.

4.4.3. CONTIDOS BÁSICOS

Os contidos fundamentais da materia, así como os obxectivos relacionados con cada un deles son:

- a) Normas básicas da comunicación oral: o debate (obxectivos e, f, j)
- b) Técnicas de lectura significativa (obxectivos a, i)
- c) A elaboración dun resumo. Identificación das ideas principais e secundarias e a súa xerarquización (obxectivo c)
- d) Tipos de texto: características fundamentais. As diferentes estruturas textuais (obxectivos a, b, g).
- e) Normas básicas na redacción dun comentario de texto (obxectivos b, d, e, l).

- f) Claves dunha boa argumentación: coherencia, precisión, exemplificación, respecto polo pluralismo ideolóxico e defensa das ideas propias (obxectivos d, e, g, h, k).
- g) Práctica na análise e comentario de texto: lectura de textos moi variados tanto na forma como na súa temática, análise, discusión oral e elaboración do seu comentario escrito (todos os obxectivos mencionados no apartado 1).
- h) Normas básicas da presentación dun traballo escrito. O procesador de textos. (obxectivo m).

4.4.4. VINCULACIÓN DOS CONTIDOS, COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, O GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, OS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os principais estándares de aprendizaxe en correlación cos contidos da materia son:

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Temporalización	Avaliación	Criterios de cualificación
Exprésase oralmente con fluidez, coa entoación, o ton, timbre e a velocidade adecuados ás condicións da situación comunicativa (contido a).	Ser capaz de expresar as súas ideas con claridade.	1ª, 2ª e 3ª	TO	Están explicados no punb 4.8.8.
Respecta as quendas de palabra e é tolerante coas opinións dos demais (contido a).	Respectar as opinións alleas e a quenda de palabra.	1ª, 2ª e 3ª	TO	
Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, etc.) empregando un léxico preciso e especializado e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín (contido a).	Expresarse empregando un léxico preciso.	1ª, 2ª e 3ª	TO	
Avalía as súas propias presentacións orais e as dos/das seus/súas compañeiros/as, detecta as dificultades estruturais e expresivas, e diseña estratexias para mellorar	Ser capaz de corrixir as súas presentacións e as dos compañeiros.	1ª, 2ª e 3ª	TO OU	

as súas prácticas orais e progresar na aprendizaxe autónoma (contido a).				
Comprende textos de diferente tipoloxía, é capaz de resumir o seu contido, de captar a intención comunicativa do autor e de xerarquizar a súa información en principal e secundaria (contido b, c).	Resumir e comprender textos de diferente tipoloxía.	2ª e 3ª	OU	
Clasifica os textos segundo a súa forma e o seu contido (contido d).	Interpretar os textos segundo a súa forma e contido.	2ª e 3ª	TO OU	
a) Constrúe unha argumentación coherente e razoada a partir da información proporcionada polo texto, empregando técnicas e estratexias variadas que lle conceden orixinalidade e peso á opinión propia (contido f).	Elaborar un texto argumentando de xeito coherente e razoado.	2ª e 3ª	OU	
É consciente de que comentar un texto non é parafrasealo, senón que consiste en desentrañar a súa técnica construtiva en relación co tema tratado e a intención do autor (contido f, g).	Redactar un comentario crítico sen parasafrear o seu contido.	2ª e 3ª	TO OU	
Aplica toda a súa bagaxe cultural tanto na fase de interpretación do texto como na elaboración da súa argumentación, polo que presenta orixinalidade á hora de posicionarse con respecto á información vertida no fragmento que se analiza (contido f, g)	Dar argumentos baseados na súa bagaxe cultural para presentar un texto orixinal.	2ª e 3ª	TO OU	
Redacta con claridade e precisión a súa opinión e constrúe un comentario de texto ben estruturado no que se expresa con corrección gramatical, ortográfica e léxica (contido g).	Elaborar un comentario crítico ben estruturado no que se expresen as ideas con claridade.	2ª e 3ª	TO OU	
Emprega un procesador de textos na redacción dos comentarios e axústase ás normas básicas de presentación	Redactar comentarios e traballos de investigación utilizando un procesador de textos	1ª, 2ª e 3ª	OU	

de traballos escritos (contido g).				
------------------------------------	--	--	--	--

4.4.5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

É fundamental o feito de que o alumnado participe activa e progresivamente na construción do seu propio coñecemento, exemplo preciso dunha metodoloxía que persegue a súa formación integral. Por iso, o uso de calquera recurso metodolóxico debe ir encamiñado á participación habitual do alumnado no proceso educativo.

Para desenvolver o estudo desta materia, propóñense as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza (literarios, expositivos, argumentativos...)
- Promover a utilización de diversas fontes para obter información.
- Propiciar as actividades que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo; utilizar unha metodoloxía dinámica que axude ao alumnado a aprender por si mesmo, a traballar individualmente e en equipo, oralmente e por escrito e a aplicar métodos de investigación apropiados.

Materiais e recursos didácticos

Non existe libro de texto na materia. Serán os medios de comunicación, as publicacións científicas ou de divulgación do saber, a literatura, ou calquera outra fonte textual tanto en soporte analóxico ou dixital que nos sirvan de punto de partida para a reflexión e a confrontación de ideas.

Ordenador, canón e encerado dixital.

Dicionarios tanto en formato impreso como en rede para poder solucionar dúbidas puntuais.

4.4.6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedementos de avaliación.

- Realizáranse comentarios escritos e/ou orais.
- Realizáranse traballos e exposicións orais.
- Observación sistemática do alumnado.

Instrumentos de avaliación.

- As producións do alumnado: comentarios escritos, probas orais e OU (traballos e exposicións)
- TO: Caderno de aula do docente (coas súas observacións e anotacións).

4.4.7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación correspondentes con cada un dos contidos anteriores son:

- a) Expresar oralmente as ideas propias. Respetar as normas básicas que rexen toda interacción comunicativa e as do debate en particular (contido a).
- b) Ler, comprender e interpretar un texto. Discriminar cal é información relevante e cal é accesoria e captar a intención comunicativa do autor (contido b).
- c) Elaborar resumos claros e concisos, correctos no fondo e na forma, que reflectan de maneira condensada o contido máis relevante do texto fonte (contido c).
- d) Clasificar textos segundo a súa tipoloxía e identificar cal é a estrutura na que organizan o seu contido (contido d).
- e) Valorar de maneira crítica a forma e o contido dun texto e saber artellar unha argumentación coherente sobre as ideas vertidas no fragmento. Respetar o pluralismo ideolóxico e defender as ideas propias con tolerancia e respecto cara as que son diferentes (contido e, f).
- f) Desenvolver por escrito un comentario crítico de texto con claridade expositiva e corrección ortográfica, léxica e gramatical (contido g)
- h) Empregar un procesador de textos aproveitando a súa achega na presentación de traballos escritos (contido h).

A avaliación debe ser formativa, non tendo en conta só o resultado final, senón que valorará o mérito dunha aprendizaxe a partir dunha situación inicial, tendo en conta o esforzo realizado en cada caso para acadar o resultado final.

Ademais de formativa deberá ser continuada, non podendo limitarse a unha situación illada na que se realicen as probas: ten que ser un proceso dinámico e constante, que axude a modificar, se é necesario, o plano deseñado, a metodoloxía empregada, etc.

4.4.8. CRITERIOS DE CUALIFICACION E PROMOCION

As probas que realizará o alumnado para acreditar os coñecementos serán de dous tipos: orais e escritas. As probas escritas serán comentarios críticos que se recollerán con certa periodicidade, as probas orais levaranse a cabo na clase e consistirán na observación directa no alumnado nos diferentes debates e exposicións que se desenvolvan na clase tendo en conta como se expresan as ideas, a lingua utilizada, o respecto das quendas de palabra e o respecto polas opinións alleas. Os diferentes comentarios puntuarán un 60% na nota da avaliación e as probas orais un 40%.

Os criterios de cualificación e promoción serán os mesmo se o ensino é presencial ou non presencial.

4.4.9. PROCEDIMENTO DE RECUPERACIÓN

No caso de que algún alumno ou alumna non supere a materia durante a avaliación ordinaria terá dereito a un exame na convocatoria extraordinaria de xuño que consistirá na comprensión dun texto e na elaboración dun comentario crítico.

4.4.10. ORGANIZACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Non hai alumnado coa materia pendente.

4.4.11. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR

Falarase co alumnado e mediante un texto responderán de xeito oral e en grupo a unha serie de cuestións que nos permitan avaliar a súa madurez e a capacidade crítica.

4.4.12 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Por tratarse dun grupo menos numeroso, será fácil poder atender de xeito individual a problemática específica que presente este alumnado. A estratexia seguida consistirá en comezar con textos máis doados co alumnado que presente maiores carencias de comprensión e expresión.

4.4.13 ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Podemos establecer dez elementos transversais que serán traballados mediante textos:

1. A comprensión lectora e a expresión oral e escrita (CL e EOE)

A materia de Obradoiro de Análise e Comentario de Textos ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado e debe tamén achegar ao alumnado as ferramentas e os coñecementos precisos para comentar un texto proposto sobre calquera tema expositivo, argumentativo ou literario. A «comprensión lectora e expresión oral e escrita» estará presente nos diferentes textos e exercicios traballados polo alumnado.

2. A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación (CAe TIC)

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas do alumnado, de aí que se rexeitará a inadecuada utilización das TIC e da comunicación audiovisual e se favorecerá o seu uso responsable. Fomentarase unha actitude crítica coa información da comunicación audiovisual e das TIC e responsable no seu uso.

3. O emprendemento (EMP)

Desenvolverase e afianzarase o espírito emprendedor, a adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresa, o fomento da igualdade de oportunidades e mais o respecto ao emprendedor e ao empresariado. Favorecerase o nacemento de emprendedoras e emprendedores sociais con diversas capacidades: creadora e innovadora, proactiva para xestionar proxectos, de asunción e xestión de riscos, de liderado e traballo individual e en equipo e mais de sentido crítico e da responsabilidade.

4. A educación cívica e o respecto ao Estado de dereito (EC e RED)

Fomentaranse os principios democráticos de convivencia co fin de que o alumnado aprenda a comprometerse cunha cidadanía activa e democrática, desde unha

perspectiva global, adquira unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores do Estado de dereito, así como polos dereitos humanos, e que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

5. A igualdade efectiva entre mulleres e homes (IEMH)

Motivarase a igualdade efectiva e o respecto por igual entre mulleres e homes eliminando todo tipo de discriminacións na linguaxe utilizada nas aulas e no material proposto (escrito e gráfico), mellorarase a práctica da igualdade na aula e promoveranse cambios de actitudes no alumnado co fin de romper os estereotipos de discriminación.

6. A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida así como de calquera forma de violencia: de xénero, contra persoas con discapacidade, racismo, xenofobia etc. (PV)

Promoverase a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, así como os valores educativos, sociais e culturais, que afonden no interese pola educación para a paz, a convivencia e mais a interculturalidade. Tamén se reflexionará sobre a diversidade cultural na aula, no centro e na sociedade desde o plurilingüismo ou desde un punto de vista intercultural. Traballarase a prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social e mais de calquera tipo de violencia, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos.

7. A saúde e a calidade de vida (SCV)

Promoverase que forme parte do comportamento xuvenil a actividade física diaria, a dieta equilibrada e o estilo de vida saudable e ademais favorecerase o desenvolvemento do sentido da responsabilidade individual en relación coa saúde, entendida esta como benestar físico e mental, individual, social e ambiental.

8. A discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero (DISC)

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexualtransxénero e intersexual. Abordaranse cuestións relacionadas coa identidade de xénero, coa prevención de embarazos non desexados e mais co desenvolvemento do sentido da responsabilidade individual.

9. A educación viaria (EV)

No ámbito da educación e a seguranza viaria promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peón, viaxeiro e condutor de bicicletas ou vehículos de motor, respecte as normas e sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

10. A educación ambiental e o respecto polo medio natural (EA)

Implicarase o alumnado nas estratexias educativas para mellorar o coñecemento do desenvolvemento sustentable, do medio, da climatoloxía e do cambio climático. Ademais, fomentarse unha relación de respecto e de non destrución do medio natural.

5. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

A literatura, e polo tanto a lectura, contribúe á capacitación comunicativa do alumnado ao fornecerlle modelos de lingua apropiados e creativos en que prima a dimensión estética, pero tamén se erixe como fonte de pracer e de enriquecemento persoal e como manifestación dunha cultura diferenciada.

Por outro lado, a lectura mellora a súa capacidade de comprensión e interpretación de mensaxes escritas e a forma o espírito crítico do alumnado.

Na nosa materia así o entendemos ao incluír unha obra de lectura cada avaliación. Os alumnos/as deberán demostrar que leron as obras propostas.

Os títulos das obras de lectura figurarán no libro de actas.

Ademais, nas clases (e mesmo na Biblioteca) lemos todo tipo de textos que axudan a darlle á lectura o importante papel que ten.

Dedicarase unha hora semanal en 1º de ESO á lectura dunha obra literaria. En todos os cursos, a lectura será a base para o traballo, ben sexan textos literarios ou doutro tipo.

Na materia de Obradoiro de análise e comentario de textos, durante todas as clases do curso partírase de textos de tipos diferentes para a súa comprensión e posterior análise. Os textos utilizados serán fundamentalmente expositivos e argumentativos, pero tamén teñen cabida os textos literarios breves.

6. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

O noso centro incorporouse ao uso de E-DIXGAL que é un proxecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia, de xeito progresivo. Este curso xa se implantará en 3º de ESO.

Como é fundamental que o alumnado faga un uso progresivamente autónomo das tecnoloxías da información e da comunicación, desde as materias que impartimos intentamos, na medida do posible, poñer o noso gran de area. O alumnado elaborará pequenos traballos de investigación valéndose da información que aparece na rede e utilizará o procesador de textos para a súa presentación. Tamén se consultarán blogs e outras páxinas web para as explicacións de determinadas partes da materia.

A partir de 4º de ESO utilizarase a aula virtual do centro, para iso, a final de setembro farase algunha práctica co alumnado para recordarlles como se utiliza.

7. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Para que o proceso ensino-aprendizaxe teña éxito é necesario que o clima de convivencia sexa o adecuado. O noso traballo nunca dará froito se o ambiente entre os distintos estamentos do centro non é o adecuado.

Na actualidade, quizais máis ca nunca, necesitamos convivir en harmonía entre todos: profesorado, alumnado, pais/nais...

Dende as materias que impartimos, utilizando textos apropiados, faremos todo o posible por contribuír a esa convivencia tan necesaria. Intentaremos fomentar no noso alumnado a necesidade de convivir pacificamente para que o traballo de todos dea os froitos desexados.

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS

Lingua Galega e Literatura

Está previsto colaborar cos Equipos de dinamización da lingua galega e da biblioteca en todas as actividades programadas por estes: concursos, Samaín, Día de Rosalía, Entroido, prensa escolar, Semana das Letras Galegas, club de lectura.

Vérase a posibilidade de contactar para unha charla-coloquio con algún escritor ou escritora sobre os libros de lectura que lean na ESO.

Está previsto realizar algún itinerario literario.

9. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Desenvolveremos a avaliación do proceso de ensino e os seus compoñentes conforme a estratexias que nos permitan obter información significativa e continua para formular xuízos e tomar decisións que favorezan a mellora da calidade da ensinanza. Ao mesmo tempo, o profesorado necesita información para coñecer como está a realizar esta tarefa.

Empregaremos para iso os seguintes procedementos:

Observación: directa (proceso de aprendizaxe do alumnado) e indirecta (análise da programación didáctica).

Cuestionario:

	SI	NON
Realizou unha avaliación inicial ao comezo de curso para saber de que coñecementos partía o alumnado.		
A explicación didáctica foi comprensible.		
As actividades realizadas foron axeitadas e facilitaron unha aprendizaxe autónoma.		
Utiliza unha metodoloxía atractiva e clara na presentación.		
Os contidos foron desenvolto de forma ordenada e comprensible.		
As axudas e apoios recibidos polo alumnado foron oportunos e suficientes.		
Mostra esmero e interese nas súas intervencións		
Presta axuda ao alumnado máis necesitado sen provocar discriminacións		

tanto na clase como fóra dela.		
Relaciónase ben co alumnado		
Ofrece confianza ao alumnado nas relacións persoais		

10. MECANISMOS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Celebrarase unha reunión mensual do Departamento didáctico para abordar os seguintes puntos dos que quedará constancia no libro de actas:

-Análise da marcha do proxecto didáctico (contidos traballados, retraso ou non na secuenciación dos mesmos, motivos do retraso no caso de existir este etc.)

-Análise dos resultados despois de cada avaliación (registro dos resultados de aprobados e suspensos, medidas a tomar –de ser necesarias-, modificacións para mellorar eses resultados).

-Reunión extraordinaria do departamento ao finalizar o curso.

-Análise dos resultados finais.

-Modificacións introducidas ao longo do curso e os motivos das mesmas.

-Propostas de mellora para o curso seguinte.

Os criterios utilizados por este Departamento Didáctico para avaliar a programación son os seguintes:

1.-A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

2.-A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3.-O grao de desenvolvemento da programación didáctica.

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN MENSUAL DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Impartíronse todos os contidos programados para este mes? En caso negativo, que contidos deixaron de impartirse e cales son os motivos?

2. Vaise efectuar algún axuste na temporalización de contidos programada? En caso afirmativo, especifica o axuste.

3. Vaise efectuar algún cambio metodolóxico respecto ao programado? En caso afirmativo, especifica
4. Alcanzáronse os obxectivos marcados na programación didáctica? En caso negativo, especifica os motivos.
5. Realizouse ou vaise realizar algún cambio nos criterios e procedementos de avaliación? En caso afirmativo, especifica.
6. Atención á diversidade (medidas adoptadas).

11.-ANEXO 1. PROPOSTAS DE MELLORA PARA O PRESENTE CURSO TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS (TIL)

Tanto na educación secundaria obrigatoria como no bacharelato é especialmente salientable que a aprendizaxe das distintas linguas establecidas no currículo destas etapas se trate de xeito integrado. Por este motivo, os departamentos de Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura chegamos aos seguintes acordos que imos deixar reflectidos neste anexo e que se corresponden fundamentalmente con 1º ESO. Comezamos polo curso máis baixo, xa que se nos antolla como un proxecto moi ambicioso, así ano tras ano seguiremos incidindo no afianzamento e ampliación do mesmo.

1. ACORDOS SOBRE CONTIDOS EN 1º ESO

BLOQUE 1. AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES (LG/LC)

Os dous departamentos traballaremos a diversidade lingüística do mundo e do ámbito persoal e social do noso alumnado.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN (LG)

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN: COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (LC) E BLOQUE 3. COMUNICACIÓN: EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA (LC)

Procuraremos que o noso alumnado vaia adquirindo e, pouco a pouco afianzando as habilidades necesarias para comunicar con precisión as propias ideas, realizar discursos cada vez máis elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente interpretando de xeito correcto as ideas dos demais como xa adiantamos na Memoria final do Departamento.

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE TEXTOS ORAIS

	CRITERIOS	BEN	REGULAR	MAL	PUNT.
PRESENTACIÓN (1 punto)	Saúda á audiencia ou preséntase de forma adecuada e indica o tema de exposición de maneira clara e concisa.	Saúda á audiencia ou preséntase e indica o tema de exposición con vacilacións.	Saúda á audiencia ou preséntase pero non indica o tema da exposición.	Non saúda á audiencia e non indica o tema da exposición.	
EXPRESION ORAL (4 puntos)	Xestualidade e postura	Mantén unha postura adecuada, contacto visual para captar o interese do auditorio.	Mantén unha postura inadecuada e só é quen de captar o interese momentaneamente.	Mantén unha postura inadecuada e non é quen de captar o interese.	
	Pronuncia, ritmo e entoación	O seu discurso resulta fluído e natural. O seu volume e entoación son adecuados.	O seu discurso é pouco fluído e natural. Fala demasiado rápido. A entoación e o volume por momentos dificultan a comprensión.	O seu discurso carece de fluidez e naturalidade. A entoación e o volume dificultan a comprensión.	
	Corrección lingüística	Exprésase correctamente sen interferencias lingüísticas.	Comete puntualmente interferencias lingüísticas.	Mestura continuamente castelán e galego.	
	Nivel e rexistro (riqueza léxica)	Emprega un vocabulario rico, variado e preciso, adecuado ao tema e ao rexistro formal.	As veces sérvese de imprecisións e expresións coloquiais.	Emprega un vocabulario moi pobre e con moitas imprecisións.	
EXPOSICIÓN CONTIDO (4 puntos)	Adecuación, coherencia e cohesión	Cumpre todos os puntos previstos achegando información pertinente. Organiza a exposición garantindo a coherencia e cohesión textuais.	Cumpre todos os puntos pero ofrece pouca información. Emprego de marcadores simples e escasos.	Incumpre os puntos previstos e a exposición resulta caótica e incoherente.	
	Dominio do tema	Ten coñecemento do tema e desenvólvese nel con soltura.	Descoñece algúns aspectos básicos do tema.	Descoñece ata os aspectos máis básicos do tema.	
	Conclusión	Remata o seu discurso de maneira axeitada.	A conclusión é demasiado breve ou extensa.	Non conclúe o tema.	
	Tempo de exposición	Utilizou todo o tempo destinado á presentación e desenvolveu todos os puntos previstos.	A duración foi superior/inferior á indicada, aínda que desenvolveu todos os puntos previstos.	A duración da exposición resultou insuficiente para poder avaliar a actividade e/ou deixou dous ou máis puntos sen tratar.	
MATERIAL DE APOIO (1 punto)	Material de apoio (gráficas, esquemas, presentacións, imaxes...)	Usa material de apoio que clarifica a exposición e permite manter o interese da audiencia.	Usa material de apoio que clarifica a exposición aínda que non sempre consegue manter o interese da audiencia.	Non usa ningún tipo de material de apoio ou o que usa non é pertinente.	

Comunicación escrita: ler e escribir Como xa anticipamos na Memoria final do curso pasado, unha das nosas propostas de mellora é o fomento da competencia lingüística escrita (comprensión, expresión e ortografía) e, para acadar esta meta ao longo deste curso traballaremos a produción de textos ou traballos escritos e/ou audiovisuais pautados relacionados co ámbito persoal, educativo ou escolar e co social do noso alumnado. Consideramos importante que eles se vaian familiarizando cada vez máis e, sobre todo, desde o comezo da ESO, coas técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto propio; xa que a escritura enténdese como un proceso.

Para a mellora na ortografía, ademais de poder realizar actividades encamiñadas á súa asimilación, traballaremos con ditados durante o desenvolvemento de todas as unidades didácticas.

Coa finalidade de non repetir contidos, relacionados con este bloque, o departamento de **Lingua galega** traballará a banda deseñada e os textos xornalísticos e o departamento de **Lingua castelá** os textos descritivos e instrutivos. Os textos dialogados abordaranse polos dous departamentos ao mesmo tempo que os xéneros narrativo e dramático

RÚBRICA PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS OU TEXTOS ESCRITOS

	CRITERIOS	BEN	REGULAR	MAL	PUNT.
PRESENTACIÓN (1 punto)	Os traballos e/ou tarefas entregaranse escritos unicamente a bolígrafo azul ou negro. Incluirá obrigatoriamente na portada a seguinte información: Título, nome e curso do alumno. As follas deben estar escritas por unha soa cara e obrigatoriamente unidas por grampas, clips ou portafolios.	Os traballos e/ou tarefas foron entregados escritos a bolígrafo azul ou negro. O traballo inclúe na portada: Título, nome e curso do alumno. O traballo entregouse en folios escritos por unha soa cara e unidos.	O traballo só presenta dúas das catro características solicitadas	Os traballos e/ou tarefas foron entregados escritos a bolígrafo doutras cores. O traballo non inclúe na portada o Título, nome e curso do alumno. O traballo non entregouse en folios escritos por unha soa cara e sen unión.	
	Deberán deixarse marxes: inferior e superior 2.5 cm. e na dereita e esquerda 3 cm. se o traballo se presenta a ordenador. Se a presentación é a man, débese coidar que a letra sexa lexible, a limpeza e deixar marxes suficientes.	O traballo presenta marxes: inferior e superior 2.5 cm. e na dereita e esquerda 3 cm. se o traballo se presenta a ordenador. Se a presentación é a man, débese coidar que a letra sexa lexible, a limpeza e a presenza de marxes.	O traballo preséntase coas características solicitadas pero non totalmente limpo.	O traballo só presenta unha ou ningunha das características solicitadas. O traballo presenta unha letra ilexible.	
EXPRESIÓN (4 puntos)	Estrutura: Portada, índice, introdución, desenvolvemento, conclusión e fontes)	O traballo desenvolve todos os puntos e respecta a estrutura externa.	O traballo só presenta a metade dos puntos da estrutura.	O traballo só presenta un ou ningún dos puntos solicitados.	
	Coherencia e cohesión	Empréganse marcadores discursivos axeitados e variados.	Os parágrafos non están ben estruturados. Emprega marcadores simples.	Os parágrafos están mal estruturados e non emprega marcadores.	
	Corrección gramatical	Non presenta erros gramaticais.	Presenta varios erros gramaticais.	Presenta erros gramaticais constantes.	
	Corrección ortográfica	Non presenta erros ortográficos	Presenta varios erros ortográficos.	Presente erros ortográficos constantes.	
CONTIDO (5 puntos)	Introdución	O traballo comeza cunha introdución na que se presenta e contextualiza o asunto a tratar.	O traballo comeza cunha introdución demasiado breve.	O traballo carece de introdución.	
	Desenvolvemento dos contidos	Desenvolve todos os puntos necesarios con contido relevante e léxico apropiado.	Desenvolve a metade dos puntos necesarios con contido relevante e léxico apropiado.	O traballo carece de información relevante.	
	Estrutura interna	Reparte os contidos respectando a estrutura interna.	O traballo presenta algún apartado moi breve ou mal dividido.	O traballo non presenta apartados.	
	Conclusión	Acaba o traballo cunha conclusión na que resume a idea principal e expón as consecuencias en cinco liñas.	A conclusión é demasiado extensa ou breve.	O traballo carece de conclusión.	

BLOQUE 3. EDUCACIÓN LITERARIA (LG)/ BLOQUE 4. EDUCACIÓN LITERARIA (LC)

Os dous departamentos traballaremos ao mesmo tempo os mesmos xéneros literarios. Na primeira avaliación o xénero narrativo, na segunda o lírico e na terceira o dramático. Consideramos necesario desenvolver estes contidos ambos os dous departamentos para afondar neles e así poidan quedar aianzados no noso alumnado de cara a cursos superiores.

BLOQUE 4. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA (LG)/ BLOQUE 5. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA (LC)

Traballaremos as diferentes clases de palabras ou categorías gramaticais. Cando falemos das conxuncións, tendo en conta o nivel no que nos atopamos, só traballaremos coa copulativa y/e, adversativa pero/mais e a disxuntiva o/ou. Na primeira avaliación veremos: substantivo, adxectivo, determinante.

Na segunda avaliación: pronome e verbo.

Na terceira avaliación: as palabras invariables: adverbio, preposición, conxunción e interxección.

Ademais, traballarase as principais **relacións semánticas**: sinonimia, antonimia, campo semántico e familia léxica.

No plano da **sintaxe**, traballarase a identificación unicamente do suxeito e o predicado e os seus núcleos, facendo fincapé na idea de concordancia para levar a cabo a construción de oracións ben cohesionadas.

2. ACORDOS SOBRE TERMINOLOXÍA MORFOLÓXICA

As clases de palabras ou categorías gramaticais:

- Substantivo: común, propio...
- Adxectivo (sen engadir "cualificativo")
- Determinantes: artigos (el, la, los, las, lo en castelán e en galego o, a, os, as), demostrativos, posesivos, indefinidos (aquí entraría o que anteriormente se denominaba artigo indeterminado un, unha, uns, unhas / un, una, unos, unas), numerais (cardinal e ordinal), interrogativos e exclamativos. A partir de 3º ESO tamén se verá o relativo.
- Pronome: Persoal (átomo e tónico), demostrativo, posesivo, numeral (cardinal, ordinal), indefinidos, interrogativos e exclamativos. A partir de 3º ESO tamén se verá o relativo.
- Verbo. Os tempos verbais (**LC**):
 - Formas simples: presente, pretérito imperfecto, pretérito perfecto simple, futuro simple ou imperfecto, condicional simple
 - Formas compostas: pretérito perfecto composto, pretérito pluscuamperfecto, futuro perfecto, condicional perfecto ou composto, pretérito anterior
 - Formas non persoais: infinitivo (simple e composto), xerundio (simple e composto) e participio
 - Voces: activa, pasiva a partir de 3º ESO
 - Modos verbais: indicativo, subxuntivo e imperativo que só ten o presente

En **LG** falarase de presente, copretérito, pretérito, antepretérito, futuro e pospretérito en indicativo. No subxuntivo: presente, pretérito e futuro. Infinitivo conxugado e formas non persoais.

- Adverbio
- Preposición
- Conxunción
- Interxección

Polo que respecta á segmentación morfolóxica ou recoñecemento dos constituíntes internos das palabras, acordamos falar de:

- Lexema
- Morfema derivativo: prefixo, sufixo e morfema discontinuo (en cursos superiores)
- Interfixo
- Morfema flexivo: xénero, número

Segundo o seu procedemento de formación, as palabras poderán clasificarse en:

- Palabras simples ou primitivas
- Palabras derivadas
- Palabras compostas
- Palabras parasintéticas
- Siglas a partir de 3º ESO
- Acrónimos a partir de 3º ESO

3. ACORDOS SOBRE CONTIDOS DE SINTAXENA ESO

Para **1º ESO** só se verá a diferenciación entre suxeito e predicado, procedendo á identificación dos seus núcleos.

Para **2º ESO** traballarase a identificación das seguintes funcións: CD, CI, CC, Atributo, C.Axente.

Para **3º ESO** traballaremos a oración simple e para iso veremos as funcións primarias que quedaron sen ver en 2º: Predicativo e Suplemento ou C. Réxime e as unidades inferiores á oración, xunto coas súas funcións.

En **4º ESO** traballarase a oración composta, facendo especial fincapé na identificación de funcións e tipo de unidade e a construción de oracións ou textos cunhas pautas determinadas de antemán.

4. ACORDOS SOBRE TERMINOLOXÍA SINTÁCTICA

Estes acordos iranse concretando ao longo do curso e deixaranse reflectidos nos documentos pertinentes.